

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 20 de maio de 2013**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
Dª Mª Jesús Lago Rey  
Dª. Raquel Díaz Vázquez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
Dª. Mª Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González

**NON ASISTEN:**

Dª Mª Carmen Silva Rego  
Dª Olga Alonso Suárez

**Invitados:**

D. David Regades Fernández  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte de maio de douce mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(525).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 3 de maio e extraordinaria e urxente do 6 de maio de 2013. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(526).- DAR CONTA DE SENTENZAS E AUTOS.**

Dáse conta das seguintes Sentenzas, Autos e Decretos remitido por Asesoría Xurídica:

- a) Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 272/2012 p.o. Demandante: "IBERBOUZA, S.L." e dúas mercantís más. Obxec-

to: Resolución do 04/07/2012, reclamación patrimonial, caído muro o 05/10/2010 (PROA) Expte.: 3038/243. Desestimado o recurso.

b) Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 65/2013 P.A. Demandante: Dª. CELINA AGAHWA MARTÍNEZ e outra. Obxecto: Desestimación presunta da reposición. Expediente disciplinario. Expte.: 35331/212. Estimado recurso.

c) Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 97/2011 P.O. Demandante: Panadería Barrio do Cura S.L. Obxecto: Resolución do 2-5-2011 (en reposición) reclamación patrimonial danos por filtracións de auga, rúa Merlo. Desestimado o recurso.

d) Auto Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de apelación interposto contra sentenza no RC-A nº 146/2011 p.o. Demandante: "CONYCASE, S.L." Obxecto: XGL 14/03/2011. Autorización da concesión de 3 estacionamentos subterráneos. Inadmitida a apelación.

e) Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 338/2012 P.O. Demandante: URBANISMO VIGO, S.A. Obxecto: TE-A do Concello de Vigo 16-7-2012. Liquidación ICIO (lic obras 50953/421). Expte.: 685/500. Estimado parcialmente o recurso.

f) Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 57/2013 P.A. Demandante: Dª María Esperanza Mediero Calvo. Obxecto: Resolución do 25/01/2013, reclamación patrimonial humidades na vivenda na Baixa-dá á Pontenova nº 53. Expte.: 3595/243. Desestimado o recurso.

g) Decreto do Xulgado do Social nº 4 de Vigo no PROC: Despedimento obxectivo individual 1318/2012. Demandante: D. Francisco Fernández Padín. Demandaos: Aparcamientos IC GÓMEZ ULLA, S.L. ISOLUX CORSAN A. S.A. Concello de Vigo. Declara rematado o procedemento.

h) Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 34/2013 P.A. Demandante: D. SERGIO MARTÍNEZ AMOEDO E NACIONAL SUÍZA de SEGUROS. Obxecto: Desestimación presunta. Reclamación patrimonial danos en vehículo o 16-1-2012, colector RSU. Expte.: 3612/243. Estimado o recurso.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido das anteditas Sentenzas, Autos e Decretos.

**3(527).- CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ-2013. EXPTE. 6029/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 23.04.13, o informe de fiscalización, do 10.05.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión de Participación e Atención Cidadá, do 26.03.13, conformado polo xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, o concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, e a concelleira de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a convocatoria e bases reguladoras das “*Subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2013*”, de conformidade co art. 20.2.a) da LSG, realizada pola Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás asociacións veciñais e sociedades culturais que operen no movemento veciñal, sen ánimo de lucro, inscritas nos epígrafes 10.1 e 10.5 do RMA, e que cumpran os requisitos para ser beneficiarias, por unha contía total de 252.885 € (douscentos oitenta e dous mil oitocentos oitenta e cinco euros).

**SEGUNDO.-** Aprobar, como modelos oficiais, os once modelos normalizados, de solicitudes, información complementaria, memoria económica, cartelería e renuncia, que acompañan no expediente, como “Anexos”, denominados do “I” ao “XI”, ás bases reguladoras das “*Subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2013*”.

**TERCEIRO.-** Publicar unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras das “*Subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2013*” no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e páxina web do Concello de Vigo, conforme ao art. 14.1 da LSG, publicación que determinará o inicio do prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes, que se computarán de conformidade co art. 48 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de RXAP e PAC. Así mesmo, publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo.

**CUARTO.-** Aprobar o gasto, por importe de 82.885 € (oitenta e dous mil oitocentos oitenta e cinco euros), con cargo á partida presupostaria 9240 4890000, denominada “*Subvencións a entidades cidadás e sindicatos*” do vixente exercicio presupostario (2013), para colaborar ao financiamento dos gastos subvencionables no Programa I (“Gastos de mantemento”) das “*Subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2013*”.

**QUINTO.-** Aprobar o gasto, por importe de 170.000 € (cento setenta mil euros), con cargo á partida presupostaria 9240.7800010, chamada “*Transferencias de Capital Asociacións*” do vixente exercicio presupostario (2013), para colaborar ao financiamento dos gastos subvencionables nos Programas II (“Gastos en investimento: equipamento”) e III (“Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobilés”), das “*Subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2013*”.

**SEXTO.- Recursos:** contra o presente acordo poderán os/as interesados/as interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

#### **CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ PARA O ANO 2013**

##### **PRIMEIRA.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCIÓNS**

a) Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás asociacións veciñais e sociedades culturais, sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, constituídas legalmente como tales, para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral, realizadas ou pendentes de levar a cabo no ano 2013, desde o 1 de xaneiro ata a data de finalización do prazo de xustificación. Están dirixidas a fomentar o asociacionismo e a participación cidadá, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía.

b) A efectos da presente convocatoria, considéranse programas necesarios para o normal funcionamento da entidade, para o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades sociais, os cales se pretenden fomentar, os seguintes:

- Programa I: "Gastos de mantemento"
- Programa II: "Gastos en investimento: equipamento"
- Programa III: "Gastos en investimento: obras e adquisición de inmóbiles"

c) A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do asociacionismo e da participación cidadá, en particular:

- Contribuír á existencia e funcionamento ordinario das asociacións veciñais e sociedades culturais, para a representación e defensa de intereses xerais e sectoriais.
- Potenciar a xeración e continuidade de grupos e programas de actuación estables, sin prexuízo da diversidade de actividades programadas.
- Avaliar os resultados dos programas e actividades sociais realizados a fin de determinar as necesidades reais existentes.
- promocionar os sectores de poboación mais desfavorecidos.
- Fomentar proxectos de actividades, servizos, o emprego de novas tecnoloxías, os programas formativos nas propias sedes das asociación.
- Apoiar ás entidades asociativas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento de participación cidadá, nos que se poden incluír actuacións nos campos da cultura, o

*benestar social, o ocio, o voluntariado e a integración veciñal, en xeral, de contido sociocomunitario.*

- *Potenciar a dinamización social e as relación da cidadanía a través de actividades de ocio en tempo libre e de promoción da cultura tradicional.*
- *Fomentar as actividades ocupacionais e informativas de cara a unha integración laboral.*
- *Potenciar publicacións periódicas de difusión e información das actividades propias e edición de estudos e investigacións na área de participación cidadá e o asociacionismo.*
- *Incidir na información, formación e promoción de conductas, valores cívicos e éticos en xeral, así como a promoción da sociedade plural e non discriminatoria (tolerancia, solidariedade, respecto a diversidade e integración).*
- *Promover proxecto de sensibilización de participación cidadá coa solidariedade e cooperación e a cultura da paz.*
- *Captar e promover a formación do voluntariado, dinamizando o tecido asociativo.*
- *Promover a cohesión social da cidade e da cidadanía, a través de espazos e foros abertos de debate, intercambio de ideas e experiencias para a comunicación social.*
- *Programas de sensibilización e ampliación dos recursos propios a través de captación de novos asociados, doazóns e colaboracións.*

d) Poderán concorrer a esta convocatoria pública as asociacións de veciños e sociedades culturais que operen no movemento veciñal, sen ánimo de lucro, inscritas, respectivamente, nos epígrafes 10.1 e 10.5 do Rrexistro Municipal de Asociacións (RMA), que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

*Exclúense aquelas agrupacións, federacións, confederacións e demais entidades que representen a distintos colectivos, cando as entidades ás que representan ou que forman parte delas poden concorrer, neste procedemento, a título individual.*

## **SEGUNDA.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES**

*Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarios as entidades, sen ánimo de lucro, inscritas nos epígrafes 10.1 e 10.5 do Rrexistro Municipal de Asociacións (RMA), que operen no movemento veciñal e traballen no ámbito sociocomunitario, da participación cidadá e das relacións cidadáns, agás as excepcións reflectidas na base primeira, e que reúnan os seguintes requisitos:*

1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
2. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
3. Que dispónan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para acadalos.
4. Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo na convocatoria anterior.
5. Que acrediten que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social mediante a presentación das correspondentes certificacións nos termos dos art. 22 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co art. 23 do mesmo.
6. O interesado poderá autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo para consultar dita información tributaria na Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT). Noutro caso, será preciso achegar a oportuna certificación.

7. Non estar incursas as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición o circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.
8. Acompañar á solicitude a documentación preceptiva detallada na Base oitava desta convocatoria.
9. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación presupostaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, nos supostos do apartado anterior.
10. Estar ao día no cumprimento do disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, sobre actualización de datos do Rexistro Municipal de Asociacións.

### **TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES**

*En xeral, son gastos subvencionables os que, de xeito indubitado, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras.*

A efectos desta subvención, sempre e cando se acredite a realización das actividades que motivan a súa concesión, considéranse gastos subvencionables, os realizados dentro do ano (2013) e no período de vixencia da convocatoria (ata o 19 de outubro de 2013), que se revelen como obxectivamente necesarios para que as asociacións poidan cumplir os fins que lle son propios ou derivados específicamente do desenvolvemento das actividades programadas que se pretenden fomentar, e que teñan acomodo nalgún dos dous programas obxecto de convocatoria:

**1- Programa I: "Gastos de mantemento":** gastos correntes de funcionamento e mantemento das sedes e das súas instalación sociais, realizados dentro do ano 2013 ata o 19 de outubro, entendendo por tales, os que permitan o normal funcionamento das entidades veciñais beneficiarias, no que se refire, entre outros, a suministro de servizos (auga, electricidade, gas, teléfono...), arrendamento do local social, mantemento de equipos informáticos, papelería, xestoría ou asesoramento xurídico ou financeiro para trámites da propia asociación, seguros, impostos (IBI, lixo...), pequenas avarías nas sedes sociais (arranxo ou reposición de pechaduras, lámpadas, enchufes, billas...), mantemento de equipos informáticos, limpeza ou similares. Os gastos de xestión e administración do local social (persoal), só poderán imputarse á subvención ata un máximo dun 10% do seu importe.

**2- Programa II : "Gastos en investimento: equipamento":** equipamento das sedes sociais mediante a adquisición de bens móbiles inventariables durante o ano 2013, ata o 19 de outubro, admitíndose, únicamente os destinados á nova adquisición, ou substitución de equipos, equipamento de luz, son e maquinaria escénica, equipos informáticos, mobiliario de oficina e similares, sempre que respondan á natureza da actividade subvencionada. Estes gastos son finalistas e a subvención atenderá soamente ao aprobado pola Xunta de Goberno Local, non admitíndose cambios na compra deste material que non fosen expresamente autorizados.

Deberá acreditarse mediante certificación do/a secretario/a da entidade que equipo adquirido se incorporou ao inventario da entidade, con indicación expresa do fin concreto para o que se destinarán o/s ben/s subvencionado/s e o período durante o cal quedarán afectados a dito fin, que será, como mínimo, de dous anos.

**3- Programa III: "Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobilés":** adquisición, obras de nova construcción, reforma, rehabilitación ou conservación de bens inmóveis e instalacións sociocomunitarios, situados no termo municipal de Vigo, ocupados, tanto en réxime de propiedade privada, de cesión (pública ou privada) ou en réxime de aluguer, executadas ou pendentes de executar pola entidade beneficiaria, tanto con fondos propios como coa colaboración doutras entidades públicas e privadas, durante o ano 2013 e ata o 19 de outubro. Poderán incluírse, como gastos indirectos, ata un máximo dun 20% do orzamento achegado, os desembolsados no proxecto, estudios previos, obtención de licenzas e permisos, impostos,

*gastos notariais e rexistrais, e similares, sempre que estean directamente relacionados coa actuación subvencionada e sexan indispensables para a adecuada execución ou preparación da mesmo. En ningún caso, se aboará a subvención en concepto de obras, se a beneficiaria non acredita contar coa preceptiva licenza municipal ou, no seu caso, non achegue a correspondente comunicación previa, de seren esixibles conforme a normativa urbanística.*

*No caso de adquisición, nova construcción, rehabilitación e mellora integral de bens inmobilés inventariables, inscribibles no Rregistro da Propiedade, deberá facerse constar na escritura, obligatoriamente, o destino do/s bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención, o importe da subvención concedida e o período durante o cal a beneficiaria debe destinar o/s ben/s a dito fin, que, como mínimo, será de cinco anos.*

*Cando o importe dos gastos excede de 50.000 € para a execución da obra, ou de 18.000 €, no caso de subministro de bens de equipo ou prestación de servizos, a beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, salvo que non exista no mercado entidades suficientes que o subministren ou que o gasto tivera lugar antes da solicitude da subvención. A elección da oferta, que deberá xustificarse expresamente cando non recaia na proposta económica mais económica, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía.*

*En ningún caso serán subvencionables:*

- os intereses debedores das contas bancarias
- intereses, recargos e sancións administrativas e penais
- os gastos de procedementos xudiciais

*Pola súa parte, os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente, non considerándose como tales os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.*

*En ningún caso, o custe dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.*

#### **CUARTA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

*a) A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio presupostaria (2013) é de 252.885 € (douscentos oitenta mil euros), distribuídos do seguinte xeito:*

*1.- Programa I: 82.885 € (ochenta e dous mil oitocentos oitenta e cinco euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 9240 4890000, denominada “Subvencións a entidades cidadás e sindicatos” do vixente exercicio presupostario (2013). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 3.000 €.*

*2.- Programas II e III: 170.000 € (cento setenta mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 9240.7800010, chamada “Transferencias de Capital Asociacións” do vixente exercicio presupostario (2013). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, os 5.000 € en equipamento e o 80% do orzamento e 15.000 € en obras.*

*b) O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, aillada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade ou actuación subvencionada.*

*c) A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.*

#### **QUINTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN**

*Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.*

*As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, en cuxo caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).*

*Non serán compatibles con ningunha outra subvención que, para os mesmos Programas subvencionables na presente convocatoria (fomento das actividades, vía mantemento, investimento en equipamento e/ou investimento en obras) tivese outorgado a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, nin as solicitadas para a mesma finalidade noutro departamento municipal no vixente exercicio presupostario, aínda no caso de que se trate de distintas actividades, gastos de mantemento, equipamento ou obras ou que estes gastos se levan a cabo en distinto local social dos que ocupe a asociación, e con independencia da contía obtida ou solicitada.*

*De existir no orzamento municipal vixente consignación presupostaria nominativa ao favor dunha entidade para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio, para axudar ao financiamento de gastos comprendidos en calquera dos Programas subvencionados segundo estas bases, a entidade solicitante non poderá concorrer na presente convocatoria nos referidos Programas.*

## **SEXTA.- DESESTIMACIÓN DAS SOLICITUDES**

*Unha vez estudiados os proxectos presentados polas asociacións, desestimaránse as seguintes solicitudes:*

*1- Cando as actividades que se pretenden fomentar, segundo memoria achegada:*

- *Non se axusten aos fins e obxectivos perseguidos nesta convocatoria.*
- *Supoñan a edición de documentos internos ou externos de signo exclusivamente propagandístico.*
- *Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.*
- *Actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.*
- *Aquelas que, en consideración ao proxecto e programación, non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, non acadando a puntuación mínima na valoración específica da memoria de actividades, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos e finalidades da convocatoria.*
- *Cando non se axuste á solicitude o proxecto de actividades que fundamentan a concesión da subvención.*
- *Cando o proxecto de actividades achegado, non se axuste, no seu contido, ao disposto na Base oitava.*
- *Cando o proxecto de actividades achegado non acade a puntuación mínima de cinco puntos, atendendo aos criterios de avaliación establecidos*

*2- Con carácter xeral:*

- *A non xustificación ou xustificación fora de prazo das subvención do ano anterior.*
- *Aqueles solicitudes de subvención cando sexan achegadas por entidades que non operen no movemento vecinal e non estean debidamente inscritas nos epígrafes 10.1 ou 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións.*
- *Aqueles solicitudes para Programas que comprenden gastos subvencionables que xa foron solicitados noutras árees ou servizos do Concello de Vigo ou subvencionados pola Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado no vixente exercicio orzamentario.*
- *Cando no vixente orzamento municipal exista consignación nominativa a favor da asociación para a formalización dun convenio de colaboración para axudar ao financiamento de gastos comprendidos nalgún dos Programas subvencionables nesta convocatoria, desestimaranse as solicitudes do/s referido/s Programa/s.*
- *En xeral, as solicitudes daquelas entidades que non cumplen os requisitos establecidos na Base Segunda desta convocatoria e na lexislación vixente aplicables para acadar a condición de beneficiarias*
- *Cando a entidade non atende, no prazo de dez días, ao requerimento de presentación de documentación, información o aclaracións, realizado pola Comisión de Valoración, esta proporá a desestimación da/s solicitude/s de subvención/s*

### *3.- No Programa I:*

- *Aqueles gastos de carácter suntuario, que non son imprescindibles para o bo desenvolvemento do proxecto e/ou que non están relacionados directamente co obxecto subvencionable.*

### *4.- No Programa II:*

- *Aqueles que en consideración ao proxecto ou investimento non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, non acadando unha puntuación mínima suficiente na valoración específica do proxecto, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria.*
- *Aqueles proxectos destinados en exclusiva aos socios/as ou os seus promotores/as.*
- *Os destinados a equipamentos que procuren algún tipo de lucro para os seus xestores, promotores, etc.*
- *Aqueles que non respondan á natureza da actividade subvencionada*

### *5.- No Programa III:*

- *Aqueles proxectos sobre locais arrendados, cando o contrato de alugamento sexa inferior a 5 anos, e o importe das obras supere o 5% do valor catastral.*
- *Aqueles proxectos de obras realizadas en locais de titularidade municipal sen a previa autorización ou conformidade da Concellería de Participación Cidadá e a acreditación ter solicitado a oportuna licenza municipal, sen prexuízo da presentación da resolución de licenza ou, no seu caso, comunicación previa, no momento da xustificación.*
- *Aqueles gastos en man de obra directa derivada do voluntariado.*

## **SÉTIMA.- OBRIGAS QUE ASUMEN AS ENTIDADES SUBVENCIONADAS**

*Os beneficiarios das subvencións conforme a presente normativa, están obrigados a:*

1. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como, a realización das actividades que fundamentan a concesión das axuda na forma, prazos e termos establecidos na memoria.
2. Acreditar que se realizaron os gastos subvencionados a que se refiren os Programas I, II e III,, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, ...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.
3. Comunicar calquera eventualidade ou modificación na programación ou execución dos proxectos presentados que supoña menor execución de unidades de obra, servizo ou equipamento, comunicarse no prazo máximo de 7 días a partir do momento en que se produzcan ou coñeza, en todo caso, antes de resolución do procedemento, solicitando neste mesmo intre, a modificación a baixa na concesión da presente subvención, así como a obtención doutras axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración pública, ente público ou entidade privada.
4. Comunicar no Servizo de Participación Cidadá, coa antelación suficiente, o inicio das actividades programadas, lugar, data e hora de celebración. Con carácter previo á edición de folletos, libros, carteis, trípticos, dípticos... relativos ás actividades subvencionadas, achegarase modelo ou exemplar ao servizo xestor, para o seu visto e prace.
5. Para os efectos de difusión pública, no lugar onde se realicen as actividades, as obras ou no equipamento adquirido, deberá figurar de forma visible, cartel informativo, segundo o Anexo X aprobado nesta convocatoria e que estará a disposición no Servizo de Participación Cidadá para todas aquellas entidades que o soliciten, no que constará o cofinanciamento do Concello de Vigo. Así mesmo, no taboleiro de anuncios da entidade, ata a finalización do ano 2013, publicitarse que o Concello de Vigo colaborou no financiamento das gastos de mantemento e/ou investimento (equipamento e/ou obras) da asociación, para o fomento das actividades sociocomunitarias e, en xeral, do asociacionismo e da participación cidadá.
6. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario levar a cabo, para o que facilitará toda a información e documentación complementaria que se lle requira
7. Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.
8. Achegar a preceptiva licenza municipal de obras ou, no seu caso, cando a actuación no estivera sometida a réxime de autorización, a oportuna comunicación previa, de seren esixibles conforme á normativa urbanística.
9. A entidade beneficiaria que ocupe un local municipal cedido, deberá contar coa previa autorización ou conformidade da concellería de Participación Cidadá, para levar a cabo as obras para as que solicita a axuda.
10. Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.
11. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, por canto poderán ser obxecto de actuación de comprobación e control.
12. Comunicar, con motivo da xustificación da subvención, a obtención doutras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, así como, outros ingresos ou recursos que financien a mesma.
13. Estar ao corrente fronte ás súas obrigas tributarias (estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social.
14. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.
15. Cumprir coas demais obrigas establecidas no art. 14 da LXS.

#### OITAVA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

1- As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumplimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán disponibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e no Servizo de Información do Concello de Vigo. Os solicitantes deberán achegar necesariamente:

a) Anexos I, II e III “Solicitudes”: Unha solicitude de participación para cada un dos Programas aos que pretende concorrer a entidade, cadanxe con un número de rexistro de entrada distinto, se prexuízo da súa tramitación simultánea, cumplimentados na súa totalidade, nos Anexos I (mantemento), II (investimento equipamento) e/ou III (investimento obras), con expresión, segundo proceda, de:

- datos da solicitante
- datos do/a representante legal
- domicilio a efectos de notificación
- datos do proxecto (denominación, detalle polo miúdo dos gastos e/ou o número de unidades), orzamento e contía solicitada)
- lugar, data, sinatura e selo

b) Anexo IV.A) “Información complementaria solicitud”, común para os Programas subvencionables, no que se debe reflectir, necesariamente:

- datos da entidade solicitante
- Programa/as aos que concorre e contía solicitada
- actualización de datos do RMA
- xestión económica e financeira no ano 2012 (balance de gastos e ingresos)
- titularidade do local social e autorización de obras pola Concellería convocante
- autorización para solicitar información tributaria
- declaracíons responsables (veracidad e autenticidade da información e documentación, cumprimento de condicións e obrigas, obrigas art. 14 LXS, estar ao corrente coas obrigas tributarias, no estar incuso nas prohibicións do art. 13 LXS, non percepción doutras subvencións para a mesma finalidade)
- nivel de cooperación
- rexistro na páxina web “Asociacións en rede”
- sistemas de información, comunicación e publicidade
- documentación achegada, riscando cando proceda, segundo os Programas solicitados

c) Anexo IV.B) “Proxecto de actividades 2013”, incluídas as realizadas e pendentes de realizar, propias da asociación, que serven de fundamento para a concesión da subvención, que comprenderá a relación de actividades (1) e, sen prexuízo da descripción que, polo miúdo, deberá achegarse con motivo da xustificación das subvencións, para cada unha das actividades executadas e/ou programadas, neste proxecto deberá figurar, así mesmo (2):

- denominación
- categoría (formación, deporte, lecer, saídas culturais, artesanía, exposicións, ...)
- colectivo ao que se dirixe
- data e lugar de celebración
- participantes (se xa se coñecen)
- financiamento
- medios a empregar (materiais e humanos)
- finalidade, obxectivo/s ou resultados que se pretendan acadar

d) Fotocopia do DNI da persoa que actúa en nome e representación da entidade, e documento que acredite a súa representación (certificación secretario/a, acordo órgano goberno, acta...), así como CIF da entidade.

e) Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, no será esixible a súa presentación, sempre que se nos indique o número de expediente no que obran.

No será preciso a súa presentación, no caso do certificado de non ter débedas pendentes coa administración estatal, mediando autorización da entidade solicitante para a obtención da información tributaria por medios informáticos ou telemáticos.

En todo caso, o Servizo de Participación Cidadá comprobará de oficio que as entidades solicitantes das subvencións están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Vigo.

f) Fotocopia da licenza municipal de obra ou, no seu caso, da solicitude (no caso de ser esixible), segundo as obras xa se realizasen no ano 2013 con anterioridade a esta convocatoria, ou estean pendentes de execución neste ano, sen prexuízo da presentación daquela no momento da xustificación. Ou ben, tratándose de obras no suxeitas a réxime de autorización, comunicación previa. No caso de que, a tramitación da licenza esixa proxecto técnico, o orzamento achegado deberá axustarse ao contemplado no mesmo, sen que, en ningún caso, poida ser superior, o que se acreditará mediante a presentación da copia do orzamento redactado polo técnico competente.

g) Reportaxe fotográfica do/s espazo/s onde se pretenden acometer as obras. No suposto de que as obras se realizaran antes da convocatoria, circunstancia que se verificará na data da licenza municipal ou comunicación previa, achegaranse fotografías das obras realizadas.

h) Calquera outra comunicación de modificación ou actualización de datos da entidade que consideren relevante (declaración de utilidade pública, honras, distincións...), podendo, así mesmo, acompañar os elementos que estimen convenientes para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes.

2- Porén, o solicitante poderá acollerse ao establecido no art. 35.f) da Lei 30/92, de 26 de novembro, de RXAP e PAC, en relación co dereito a non presentar documentos que obren en poder da administración convocante, sempre que se faga constar a data e órgano ou dependencia na que foron presentados, ou, no seu caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer.

3- O departamento convocante pode requirir, canta outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como, complementar a información facilitada pola entidade, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

4- Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria, o órgano competente requirirá á interesada para que subsane a falta no prazo máximo e improrrogable de 10 días, co apercibimento de que se non o fai teráselle desistido da súa petición previa resolución.

5- En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, individualmente consideradas por Programas, desestimación que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando

*concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 90 e 91 da Lei 30/92, de RXAP e PAC.*

#### **NOVENA.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES**

*O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, segundo o disposto na Base anterior, será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte a publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nos termos do art. 48 da LRXAP e PAC.*

*As solicitudes poderán achegarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou en calquera dos rexistros e oficinas que, ao respecto, establece o artigo 38.4 da mesma.*

#### **DÉCIMA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS**

*A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a disponibilidade orzamentaria da Área de Participación Cidadá destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.*

*Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:*

*a) Traxectoria e antigüidade da entidade.- Ata 10 puntos.*

*Valorarase tendo en consideración, ademais das datas de constitución e a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións, o tempo que leve a entidade participando activamente no seu sector e os períodos de inactividade que atravesara.*

*b) Representatividade e área de influencia.- Ata 5 puntos*

*Valorarase tendo en consideración o número de socios numerarios da asociación.*

*c) Capacidad económica, suficiente e axeitada para a xestión, experiencia e especialización acreditada na realización da proposta de similar natureza á que se presenta.- Ata 10 puntos*

*Valorarase tendo en conta entre outros:*

- Os medios materiais dos que dispón a entidade, considerando se ten a súa sede nun local propio ou nalgún local cedido gratuitamente polo Concello ou por outra institución, así como, se está acometendo, ás súas expensas, reformas importantes.*
- O orzamento de ingresos e gastos da entidade para o programa, analizando a solvencia para o seu desenvolvemento.*

*d) Grado de implicación no barrio, parroquia ou distrito e área de influencia.- Ata 5 puntos.*

*Valorarase tendo en consideración:*

- O traballo das asociacións ou entidades en unidades territoriais como barrios ou parroquias fronte a proxectos cun ámbito de aplicación menos definido*

- a capacidade da entidade para implicar aos veciños nas actividades da asociación e para fomentar o asociacionismo e a participación cidadá na parroquia

e) *Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto de actividades.* - Ata 25 puntos.

*Valoraranse o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:*

- Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais
- Que os programas inclúan contidos e métodos socioculturais e/ou socioeducativos.
- Que se baseen na análise das necesidades existentes no entorno, que teñan unha viabilidade técnica, sexan interasociativos e incidan no entorno.
- Estean dirixidos á promoción dos sectores de poboación mais desfavorecidos.
- Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención
- A implicación da entidade solicitante cando achegue unha porcentaxe considerable sobre o custo total do proxecto ou proxectos.
- Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposte pola promoción de alianzas e do traballo en rede.
- O colectivo destinatario e o número de beneficiarios
- As que máis respondan ás demandas veciñas
- Maior número de actividades desenvolvidas, a diversidade de contidos, a súa duración

*No caso de que a proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de cinco puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.*

f) *Calidade e viabilidade técnica e económica das propostas.* - Ata 25 por Programa.

- Custe do proxecto achegado para cada un dos Programas.
- Mellora do grado de polivalencia e proximidade física e social do equipamento á ciudadanía, incremento da accesibilidade cara a integración de colectivos con discapacidade, a través da eliminación de barreiras arquitectónicas tanto de accesos e usos como de mobiliario.
- Adecuación da/s acción/s aos obxectivos e natureza do programa conforme ás prioridades e necesidades sociais detectadas pola Concellaría de Participación Cidadá: interese xeral e repercusión social, especialización acreditada da entidade solicitante na realización de propostas similares, e grao de xustificación doutras axudas recibidas anteriormente.
- Impactos xerados: repercusión social, creación de emprego directo e indirecto, persoas beneficiarias (número e características), contribución da acción á corrección dos deseiquilibrios territoriais, apoio a actividades pouco implantadas; produtos de interese que se poidan xerar, grao de continuidade en anos sucesivos.

g) *Colaboración e complementariedade das actividades da entidade coa acción da Administración Local.* Ata 20 puntos

- *Grado de contacto, implicación e colaboración da entidade solicitante coa Concellería de Participación Cidadá, en materia de comunicación de actos, actividades e actuacións programadas, informacóns, actualizacións..., así como, de demanda de asesoramento na orientación, supervisión e avaliación das súas actividades.*
- *Que as actividades programadas pola entidade, segundo proxecto achegado, sirvan para complementar ou suplir a oferta de actividades sociocomunitarias e culturais promovidas polo Concello de Vigo.*
- *Experiencia, traxectoria e participación en programas municipais.*

*h) Xustificación das subvencións.- Ata 10 puntos*

*A adecuada xustificación das subvencións anteriores é un requisito para necesario para poder concorrer neste procedemento. Coa avaliación deste criterio, o que se pretende é valorar o esforzo realizado pola entidade para unha correcta execución e xustificación das subvencións concedidas, en réxime de concorrenza competitiva, no ano 2011, tanto dende o punto de vista económico, formal como de contidos.*

*i) Utilización da ferramenta en liña “Asociacións en Rede” ([asociacions.vigo.org](http://asociacions.vigo.org)). Ata 5 puntos*

*Rexistro, comunicación interactiva, publicitación de actividades, horarios, informacóns, convocatorias, imaxes, ligazóns... na páxina web habilitada polo Servizo de Participación Cidadá para as asociacións.*

*A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento, a través dos datos existentes no Servizo de Participación Cidadá do Concello de Vigo.*

*A non xustificación da subvencións outorgadas no 2012 polo procedemento de concorrenza competitiva, ou a súa xustificación fora de prazo, será causa de desestimación da/s solicitudes.*

**DÉCIMO PRIMEIRA.- PROCEDEMENTO: INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA**

*1- O Servizo de Participación Cidadá, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta o defectuosa, requirirase á solicitante para que subsane no prazo máximo e improrrogable de 10 días, transcorrido o cal, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución.*

*2- Pola xefatura do Servizo de Participación Cidadá, poderá dispoñerse a realización das oportunas comprobacións sobre a veracidade dos datos achegados polas entidades solicitantes, podendo solicitar os informes que considere necesarios para a mellor valoración das solicitudes e resolución do expediente.*

*3- A instrucción do procedemento de concesión de subvencións correspóndele ao/á técnico/a de xestión de Participación Cidadá, que poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobacións dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.*

*4- A avaliación das solicitudes de subvención para cada un dos Programa, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola Comisión de Valoración, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:*

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado
- 2 Vogais: Unha técnico/a e un membro da escala administrativa do servizo de Atención e Participación Cidadá
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario/a un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

O concelleiro delegado da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión.

A Comisión poderá requerir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

Nunha fase de preavaliación verificarase o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias das subvencións.

5- As solicitudes avaliaranse conforme á documentación achegada, no seu caso, ós informes emitidos, ás limitacións presupostarias existentes e ós criterios de avaliación establecidos na Base Décima.

6- Se a Comisión de Valoración considera que algún dos datos ou documentos achegados polos solicitantes, presenta dúbidas ou erros susceptibles de subsanar, requirirá á interesada para que, no prazo de 10 días, facilite a documentación ou información solicitada. De non atender ao requerimento, a Comisión proporá a denegación da subvención.

7- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado emitirá informe no que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor formulará proposta de resolución ao órgano concedente, previo informe no que conste que da información que obra no seu poder despréndese que os beneficiarios cumplen os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

8- Correspóndelle á Xunta de Goberno Local, no prazo de catro meses, que se computará a partir da publicación desta convocatoria, a resolución motivada do procedemento, que conterá a relación de solicitantes aos que se lle concede a subvención, facendo constar, expresamente, a desestimación do resto de solicitudes.

9- A resolución do procedemento poderá notificarse ás entidades beneficiarias, ou ben, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva, substituírse dita notificación pola publicación no BOP, na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, conforme ao art. 59.6.b) da Lei 30/92, de 26 de novembro, de RXAP e PAC.

No caso de optar pola notificación, en todo caso, durante o mes seguinte a cada trimestre natural, publicaranse no BOP as subvencións concedidas, individualmente consideradas, cuxo importe sexa de contía superior a 3.000 €, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subencionado. As que non superen dita contía serían obxecto de publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na páxina web do Concello.

Dende o día seguinte a recepción das notificacións de resolución polas interesadas ou, no seu caso, dende o día seguinte á publicación da resolución, as beneficiarias disponen dun prazo de dez días naturais para a aceptación ou renuncia da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito no Servizo de Participación Cidadá, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tácitamente aceptada.

*10- O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 43.3.b) la Lei 30/92 ao respecto.*

*11- Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesma, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contáranse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou de desestimación do recurso de reposición.*

*12- A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida, total ou individualmente por Programas, renuncia que será aceptada de plano polo administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 90 e 91 da Lei 30/92, de RXAP e PAC. A renuncia realizarase no Anexo XI, aprobado con estas bases. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Participación Cidadá no vindeiro exercicio presupostario.*

## DÉCIMO SEGUNDA.- SUBCONTRATACIÓN

*A entidade beneficiaria poderá subcontratar con terceiros a execución do servizo que constitúe o obxecto da subvención, entendéndose que subcontrata, cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Porén, non se considera como tal a contratación daqueles gastos en que debe incorrer a beneficiaria para realizar por sí mesma a actividade subvencionada.*

## DÉCIMO TERCEIRA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA

*As beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e da aplicación dos fondos recibidos. O prazo máximo para a xustificación das mesmas finaliza o 19 de outubro de 2013. Noutro caso, perderase o dereito a percibir a axuda.*

*A conta xustificativa que se rende ante o órgano concedente da subvención, constitúe un acto obligatorio do beneficiario e consiste na xustificación do gasto realizado, baixo responsabilidade do declarante, mediante os xustificantes directos do mesmo. Tratarase de facturas e demás documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención pública.*

*Os lugares de presentación da conta xustificativa serán os mesmos previstos para a presentación das solicitudes.*

*A conta xustificativa das subvencións outorgadas conterán a seguinte documentación e información:*

*a) Anexos V, VI e VII “Solicitudes aboamento xustificación”: Unha solicitude de abono da subvención, debidamente cumplimentada, para cada un dos Programas subvencionados, segundo Anexos V (mantemento), VI (investimento equipamento) e VII (investimento obras), cada unha das cales, será rexistrada no Concello de Vigo con un número de documento de entrada distinto, nos que se deberá cumplimentar, necesariamente o/los:*

- datos da entidade solicitante
  - resumo económico da subvención concedida (custe proxecto, contía subvencionada, contía total xustificada e importe total dos documentos xustificativos orixinais achegados e solicitude devolución dos mesmos)
  - resumo económico da memoria xustificativa (concepto de gastos realizados polo miúdo, gastos, contía solicitada)
  - lugar, data, sinatura e sello
- b) Anexo VIII.A) "Información complementaria Xustificación", común para os Programas subvencionados, no que se debe reflectir, necesariamente:
- datos da entidade solicitante
  - datos do/a representante legal
  - domicilio a efectos de notificación
  - subvención/s cuxo aboamento solicita
  - autorización para solicitar de información tributaria
  - declaracíons responsables (veracidad dos datos e cumprimento das bases, aplicación dos gastos á actuación subvencionada, abono dos gastos, retención do IRPF, non dedución do IVE, non percepción doutras axudas, estar ao corrente das obrigas tributarias (estatal, autonómica e local) e fronte á Seguridade Social, non incursión nas prohibicións do art. 13 da LXS e non aplicación da documentación económica xustificativa achegada á xustificación doutras subvencións)
  - sistemas de información, comunicación e publicidade
  - documentación achegada, riscando cando proceda, segundo os programas subvencionados que se xustifican
- c) Anexo VIII.B) "Memoria de actividades 2013", conforme ao proxecto achegado coa solicitude, que fundamentaron a concesión da/s subvención/s outorgadas, e na que deberá figurar, a relación das actividades realizadas (1) e, como mínimo, e para cada unha delas, a seguinte información (2):
1. Actuacións/actividades realizadas, conforme ao proxecto achegado
  2. Finalidade
  3. Datas e lugar de celebración.
  4. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
  5. Financiamento.
  6. Materiais empregados.
  7. Nos cursos de formación (novas tecnoloxías, idiomas, artísticos, educación, culinarios...), explicitarase, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a con apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
  8. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade.
  9. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
  10. Rexistro fotográfico e/ou audiovisual de cada unha das actividades realizadas, en todo caso, para a actividades executadas con posterioridade á presentación das solicitudes de subvencións.
  11. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo, e para cada unha das actividades levadas a cabo, a difusión pública do cofinanciamento, en todo caso, para a actividades executadas con posterioridade á presentación das solicitudes de subvencións.
  12. No caso de entidades que, entre as súas actividades, presten os servizos de información ou asesoramento, presencial, telefónica ou por escrito, así como, as consultas de interese xeral, a memoria final, indicará a identificación das persoas e/ou entidades solicitantes, con expresión do

*nome e apelidos ou denominación, nº de teléfono de contacto ou, no seu caso, enderezo, que posibiliten a posterior comprobación do cumprimento das condicións, asunto xeral, así como, desglose estadístico das mesmas.*

**14. Resultado obtidos, desviacións e conclusión.**

**15. Xustificar en que medida a subvención dos gastos de mantemento (Programa I), de investimento en equipamento (Programa II) e/ou de investimento en obras (Programa III), contribuíron ao desenvolvemento das actividades da subvención.**

**d)** *Unha memoria económica dos gastos realizados, polo miúdo, para cada un dos Programas subvencionados, conforme ao Anexo IX, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun “x” diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e achegarse orixinais por importe igual ou superior á subvención concedida, respecto de cada Programa individualmente considerado.*

**e)** *Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada.*

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención*
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.*
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.*
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albaráns....*
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obligatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.*
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantizada por algúns dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).*
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.*
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.*

- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente.
- para considerar debidamente acreditados os custos salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de retención e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo.
- as facturas ou minutás por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE
- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social, mediante a presentación dos correspondentes certificados. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto, se as obrantes no expediente de concesión, seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

Non será preciso achegar os certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal de Administración Tributaria, se a entidade autorizou, expresamente, ao Concello de Vigo para a súa expedición por medios telemáticos ou informáticos.

Cando a contía subvencionada para os Programas II e III sexa inferior a 3.000 euros, admitirase a acreditación simplificada de ditas circunstancias mediante declaración responsable. Así mesmo, permítese o réxime simplificado de acreditación na subvención con cargo ao crédito orzamentario do capítulo IV (gastos do Programa I).

En todo caso, o Servizo de Participación Cidadá comprobará de oficio que as entidades solicitantes das subvencións están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Vigo.

g) No seu caso, certificación do/a secretario/a da entidade conforme o equipamento adquirido e subvencionado se incorporou ao seu inventario da entidade, con indicación expresa dos bens adquiridos e subvencionados e do fin concreto para o que se destinarán o/s ben/s subvencionado/s, e de que aqueles quedarán afectados a dita finalidade ata o fin da súa vida útil.

*h) Para a xustificación do Programa III, é preciso a presentación da licenza municipal de obras, ou, no seu caso, comunicación previa, de seren esixibles conforme á normativa urbanística. Achegarase, así mesmo, reportaxe das obras realizadas.*

*i) No suposto de nova construcción, rehabilitación e mellora integral de bens inventariables e inscribibles nun rexistro público, a inscrición no Rexistro da Propiedade. Na mesma deberá figurar, necesariamente, o destino do/s ben/s ao fin concreto para o que se concedeu a subvención, o importe da subvención concedida e o período durante o cal a beneficiaria debe destinar o/s ben/s a dito fin que, como mínimo, será de cinco anos.*

*j) Cando o obxecto subvencionado sexa a adquisición dun ben inmóvel, deberáachegarase escritura de compravenda, na que deberán figurar os extremos indicados no apartado anterior.*

*k) De ser o caso, os tres orzamentos que, en aplicación do art. 31.3 da LXS debe ter solicitado a beneficiaria, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 50.000 € na execución de obras ou 18.000 € no suministro de bens de equipamento ou prestación de servizos. Non serán esixibles cando os gastos en obras ou equipamento se tiveran realizado durante o ano 2013 pero con anterioridade á solicitude desta subvención.*

*l) Cando entre os gastos de mantemento xustificados no Programa I se inclúan os gastos de aluguer, así como, cando se xustifiquen obras levadas a cabo nun local alugado, deberáachegarase fotocopia do contrato de aluguer.*

*m) Acreditar a difusión pública da colaboración municipal no financiamento dos gastos, mediante a inserción, en lugar preferente, do logotipo oficial do Concello de Vigo, segundo Anexo X (“Publicidade corporativa- cartelería”) desta convocatoria: no taboleiro de anuncios da entidade estará visible, en modelo oficial, que o Concello de Vigo colaborou no financiamento das gastos de mantemento, investimento en obras, investimento en equipamento e/ou en obras, e, en xeral para o fomento das actividades sociocomunitarias, sen prexuízo, no caso do investimento, da acreditación de dita publicidade na obra e/ou equipamento subvencionados.*

*n) comunicar o número de conta corrente ao que transferir a subvención, mediante a presentación de código de conta cliente da entidade bancaria correspondente.*

*ñ) para o caso de que a entidade beneficiaria declare ter recibido outras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberáachegar fotocopia compulsada da resolución de concesión das mesmas.*

*o) acreditar que se cumple co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, que obriga a presentación, no último trimestre do ano, do balance económico do exercicio e proxecto de actividades e orzamento para o ano a seguir. Noutro caso, achegar dita documentación.*

## DÉCIMO CUARTA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

*No caso de ser incompleta ou defectuosa a documentaciónachegada, concederase a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de 10 días hábiles para a súa subsanación ou entrega, transcorridos os cales, sen atender ao requerimento, teranse por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

*De conformidade cos documentos xustificativosachegados, o persoal técnico do Servizo de Participación Cidadá será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como*

*informar sobre a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará ao expediente, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, a desestimación o desestimación da solicitude, así como, a renuncia á subvención.*

#### DÉCIMO QUINTA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN

*As entidades beneficiarias deberán facilitar toda a información e documentación que, que en relación aos expediente de subvencións, lle sexa requirida pola Concellaría de Participación Cidadá, así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións. Así mesmo, o servizo xestor poderá facer as averiguacións pertinentes para o esclarecemento das dúbidas xurdidas en relación a calquera documento xustificativo achegado.*

#### DÉCIMO SEXTA.- ABOAMENTO

*O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificadas.*

*Antes de proceder ao pago das subvencións, a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas tributarias (estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable en aqueles supostos previsto no artigo 31.7.f) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.*

*Así mesmo, deberá comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.*

#### DÉCIMO SÉTIMA- PERDIDA DO DEREITO AO COBRO: REVOCACIÓN, MINORACIÓN, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓN. RÉXIME DE INFRACCIONES E SANCIÓNS

*a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, por ende, á súa revogación, o incumplimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases-convocatoria e, en particular de:*

- *A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido*
- *A non achega da memoria de actividades ou cando a mesma non se axusta aos termos da Base Décimo Terceira*
- *As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións*
- *Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento*
- *Adopción de medidas de difusión do financiamento pública recibida nos termos previstos nestas Bases*
- *Concorrencia de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS.*
- *Tamén suporá perda do dereito ao cobro a ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requeridas para iso.*

*Procederá a revogación parcial, por Programas, cando os incumplimentos a que se refire o apartado anterior se produzcan únicamente respecto dun dos dous Programas para os que obtivo subvención*

*O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a revogación total ou parcial da subvención, adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á entidade co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá.*

*No caso de que, por concorrencia de subvencións, a contía das axudas superen o custe do proxectos subvencionados, procederá a redución ou minoración da subvención no exceso, no seu caso, reintegro das cantidades percibidas indebidamente.*

*b) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de perda do dereito ao cobro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.*

*c) Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.*

*d) En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvención de Galicia, e o RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que aprobou o Regulamento de Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

#### **DÉCIMO OITAVA.- TRATAMIENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

*Os datos das entidades solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demás actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os referidos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Servizo de Participación Cidadá do Concello de Vigo.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Participación Cidadá do Concello de Vigo.*

#### **DÉCIMO NOVENA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN**

*Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2013, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

VIXÉSIMA.- A presente convocatoria, cuxas contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo.

**4(528).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL NOS MESES DE MARZO-ABRIL 2013.  
EXPTE. 82296/301**

Mediante escrito de data 6.05.13, cumprindo co disposto nas instruccions da base 31 das de execucion do presuposto en vigor, a concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Política de Benestar nos meses de marzo e abril de 2013, que son os seguintes:

DEPARTAMENTO: BENESTAR SOCIAL FUNCIONAL: 2310 / 2013

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
26/03/13	REPARACION E MANTE-MENTO MOBILIARIO	2150000	201300023094	1.500,00	VARIOS
26/03/13	MATERIAL ORDINARIO NON IINVENTARIABLE	2200000	201300023093	1.000,00	VARIOS
26/04/13	PUBLICIDADE CAMPAÑA AXUDAS ESCOLARES	2260200	201300030512	7.061,97	AGUA DE MAYO MARQUETING
11/03/13	TALLERE MEMORIA ACTIVA	2260902	201300018413	3.180,00	ASOC. FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER
11/03/13	TALLERS DANZAS DO MUNDO	2260902	201300018414	8.790,00	VICTOR GONZALEZ ROMERO
11/03/13	TALLERES RELAXACIÓN E MOVEMENTO	2260902	201300018415	2.100,00	SANDRA GRACIELA VERBA SZERMAN
19/03/13	TALLERES RISA ACTIVA E VIVIR EN POSITIVO	2260902	201300019940	7.560,00	JOSE ANTONIO CELADA HERMIDA
21/03/13	TALLERES MEMORIA ACTIVA	2260902	201300020219	5.520,00	CRUZ ROJA ESPAÑOLA
27/03/13	TALLER MUSICOTERAPIA	2260902	201300022517	5.130,00	ANDREA GOMEZ NAVARRETE
04/03/13	CHARLAS PREVENCION DROGODEPENDENCIAS	2279908	201300016136	675,00	ASOC.ALBORADA
18/04/13	15 OBRADOIROS PREVENCIÓN DROGODEPENDENCIAS	2279908	201300022839	4.500,00	ASOC. ERGUETE
18/04/13	23 OBRADOIROS PREVENCIÓN DROGODEPENDENCIAS	2279908	201300022840	6.900,00	ASOC. ERGUETE
23/04/13	PREVENCIÓN DROGODEPENDENCIAS	2279908	201300026449	300,00	ASOC. ALBORADA
23/04/13	PROGRAMA PREVENCION DROGODEPENDENCIAS	2279908	201300026450	1.200,00	ASOC. ALBORADA
23/04/13	PREVENCION DROGODEPENDENCIAS	2279908	201300026451	4.100,00	ASOC. ALBORADA
25/04/13	18 CHARLAS PREVENCION DROGODEPENDENCIAS	2279908	201300028118	2.225,00	ASOC ERGUETE
25/04/13	PREVENCION DROGODEPENDENCIAS	2279908	201300028119	300,00	ASOC. ALBORADA
25/04/13	OBRADOIROS PREVENCION DROGO	2279908	201300028121	3.900,00	ASOC. MADRO
30/04/13	CHARLAS PREVENCION DROGODEPENDENCIAS	2279908	201300030874	125,00	ASO. MADRO
2279913	CONEXIÓN CENTRAL ALARMAS	2279913	201300027111	326,70	PROTESE SISTEMAS DE SEGURIDAD

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**5(529).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA Á SANTIAGO CUCART S.L. CONSTITUÍDA POLO CONTRATO DE COLABORACIÓN NA XESTIÓN CATASTRAL DELEGADA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 4466/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 9.05.13, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 10.05.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a SANTIAGO CUCART, S.L. as fianzas de 17.520.- e 440 euros constituidas para responder do contrato de colaboración na xestión catastral delegada do Concello de Vigo, e modificación do mesmo, xa que foron executadas conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorre-lo prazo de garantía.

**6(530).- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTO O PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A SUBMINISTRACIÓN DE PLANTA DE TEMPORADA. EXPTE. 6913/446.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación que tivo lugar o día 8.05.13, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Tomar coñecemento das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación respecto dos seguintes licitadores:

1. AGRICOLA TOMIÑESA, S.L.: Por non acredita-la solvencia técnica xa que a relación de facturas presentadas non inclúían o concepto das mesmas.
2. KIWIPLANT, S.L.: Por non acredita-la solvencia técnica xa que a relación de facturas presentadas non inclúían o concepto das mesmas.
3. PYCFLORGA, S.L.: Por non acredita-la solvencia técnica e económica e non acreditar poder de representación suficiente do representante da sociedade.
4. VIVEROS SAN CAMPIO, S.L.: Por non acredita-la solvencia técnica xa que a relación de facturas presentadas non inclúían o concepto das mesmas.

2º.- Declarar deserto o procedimento negociado sen publicidade para a subministración de planta de temporada (expediente 6913-446) por non se ter admitido ningunha das ofertas presentadas.

**7(531).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MUSEOS DURANTE O MES DE ABRIL DE 2013. EXPTE. 363/341.**

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2013, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Festas, D. Cayetano Rodríguez Escudero, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Museos Municipais (341), Verbum (340) e Museos Quiñones de León (337) no mes de abril, e que son os que deseguido se relacionan:

CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
SERVIZO (341)	Expte. 317-341. Subsanación de puntos non satisfactorios na instalación eléctrica según revisión OCA no Museo Liste. GALLEGA DE ELECTRICIDAD VIGO, S.L. CIF: B-36777647. RCM 23808	10/04/13	3.120,47 €
SERVIZO (341)	Expte. 307-341. Subministración de elementos de extinción de incendios na planta 4ª da Casa das Artes. SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A., CIF (A-79252219). RCM 23415.	04/04/13	2. 082,14 €
SERVIZO (341)	Expte. 318-341. SEGURO COLECCIÓN FOTOGRÁFICA do Concello de Vigo depositada no Museo MARCO. AXA ART VERSICHERUNG AG, Sucursal en España, CIF:W0042565B. RCM 25430	10/04/13	2.339,60 €
SERVIZO (341)	Expte. 303-341.Inspección periódica ascensores Casa das Artes, Pinacoteca, Verbum e Quiñones. OCA-SOCOTEC. CIF: A40007460. RCM 19279.	09/04/13	314,60 €
SERVIZO (341)	Expte. 329-341. Obra de pintura no soto de Casa das Artes. Arquivo Pacheco. JOSE MANUEL MUIÑOS RODRÍGUEZ, NIF: 36130547P. RCM 26284.	12/04/13	477,95 €
SERVIZO (341)	Expte.358-341. Factura Espiral Alambre negro para encuadernar. PAZ DISMAC, S.L. CIF: B-36062180.(Expte xenérico 259-341)	30/04/13	22,51 €
SERVIZO (341)	Expte. 351-341. Factura compra material para baños: celulosa secamans e toalla tissue 2 capas. MANUEL MURADÁS SEARA, NIF: 36159467V. (Expte. Xenérico 309-341)	08/04/13	119,74 €
SERVIZO (341)	Expte. 333-341 Factura Lona exposición Reconquista CGC. (Expte. Xenérico 284-341)	05/04/13	326,70 €
QUIÑONES (337)	Expte. 4859/337 "Subministro de Sinalética" a favor de "Manuel Muradás Seara- Punto Fijo" CIF B 27705805. RCM 25440	09/04/13	3.267,77 €
QUIÑONES (337)	Expte. 4862/337 "Reparación de deficiencias de baixa tensión e inspección periódica" a favor de "Sielvigo" CIF B 36823227. RCM 27533	18/04/13	2.203,83 €
QUIÑONES (337)	Expte. 4878/337 "Revisión Inventario Colección de Arte" a favor de "Beatrix Liz de Cea" NIF 36164667 L. RCM 30516	29/04/13	2.299,00 €
QUIÑONES (337)	Factura 4877/337 Carlingal CIF B-32170961 mat.oficina 4880/337 Cristaleria Balaídos CIF B-36751683 cristal Factura 4882/337 Sixpress CIF B-36883601 Ploter (Xenérico 4802/337 Subministros)	18/04/13 25/04/13 30/04/13	135,00 € 35,01 € 105,27 €

QUIÑONES (337)	Factura 4875/337 Beatriz Liz de Cea DNI 36164667 L informe técnico escultura "Neptuno" Factura 4874/337 María Seoane Gámez DNI 77006838 D Informe técnico Canapé Luis XVI (Xenérico 4807/337 Traballos especializados)	17/04/13 17/04/13	907,50 € 117,37 €
QUIÑONES (337)	Facturas 4871/337 V-2 Complementos Auxiliares CIF A-78601945 auxiliares sala marzo 2013 (Xenérico 4800/337 Atención ao público)	11/04/13	706,40 €
QUIÑONES (337)	Factura 4881/337 María Seoane Gámez DNI 77006838 D Desinfección obra de arte Factura 4873/337 María Seoane Gámez DNI 77006838 D Restauración da obra "Espingarda" (Xenérico 4825/337 Restauración obras de arte)	25/04/13 17/04/13	39,93 € 242,00 €
VERBUM (340)	Expte 2241-340. Factura de Manuel Muradás Seara *Ferretería Punto Fijo*, por subministro de material para reparación de instalacións. 36159467V. Cargada no RCM nº 201300012574 do Expte 2220-340 "RC-Subministro de material para reparacións de instalacións".	12/04/13	367,35 €
VERBUM (340)	Expte. 2235-340. Fra de JOSE MANUEL MUIÑOS RODRIGUEZ, por reparación de elementos nas instalacións do Verbum. 36130547P. Cargada no RCM nº 201300012730 do Expte 2221-340 "RC-Mantementos nas instalacións do Verbum".	05/04/13	689,70 €
VERBUM (340)	Expte. 2237-340. Fra de JOSE MANUEL MUIÑOS RODRIGUEZ, por reparación nas instalacións do Verbum. 36130547P. Cargada no RCM nº 201300023920 do Expte 2229-340 "RC-Reparacións nas instalacións do Verbum".	15/04/13	1403,60 €

### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### 8(532).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE MANTENIMENTO INTEGRAL DAS INTALACIÓNNS ELECTROMECÁNICAS DE TÚNELES E PASOS INFERIORES DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 14755/444.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da ÁREA de Fomento e o xefe dos Servizos Enerxéticos, do 7.05.13, conformado polo Asesor Xurídico da ÁREA de Fomento e o concelleiro delegado da ÁREA de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a prórroga do contrato de "Mantenimento integral das instalacións electro-mecánicas de túneles e pasos inferiores da cidade de Vigo" asinado coa contratista IMESAPI, S.A. por un prazo de dous anos e un importe de 958.696,06 € (IVE engadido), o que supón un importe anual de 479.348,03 €/ano ( IVE engadido), e nas demais condicións previstas no primitivo contrato.

2º.- Aprobar o gasto da prórroga con cargo á partida 1650 2279902 do seguinte xeito:  
exercicio 2013 : 279.619,68 €; exercicio 2014 : 479.348,03 € e exercicio 2015: 199.728,35 € .

**9(533).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS DA CONCELLERÍA DE EMPREGO, PARTICIPACIÓN CIDADÁ E VOLUNTARIADO. EXPTE. 9625/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 16.04.13, o informe de fiscalización do 7.05.13, e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 11.04.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e voluntariado, e a concelleira de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

**PRIMEIRO.-** Aprobar as Bases Reguladoras e a Convocatoria do ano 2013 do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, e os once anexos que se achegan no expediente.

**SEGUNDO.-** Aprobar a autorización de gasto por importe total de 50.000€ (CINCUENTA MIL EUROS), para a concesión das axudas establecidas nestas bases, con cargo á partida orzamentaria 2410 470.00.00 "Programas de axudas á inserción laboral".

**TERCERO.-** Delegar no concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado a representación do concello na tramitación e execución das Bases Reguladoras e convocatoria do ano 2013 do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas.

**BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO ANO 2013  
DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS**

**Base 1ª.- OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN**

- 1.1.- *Finalidade*
- 1.2.- *Beneficiarios/as*
- 1.3.- *Requisitos xerais dos beneficiarios/as*
- 1.4.- *Tipo, contía das axudas e gastos subvencionables*
- 1.5.- *Criterios de avaliación*
- 1.6.- *Alteración das condicións de concesión das axudas*

**Base 2ª.- EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES**

**Base 3ª.- COMPETENCIA E PROCEDIMENTO DE TRAMITACIÓN**

- 3.1.- *Instrucción e tramitación das axudas*
- 3.2.- *Comisión de Valoración e Seguemento*

**Base 4ª.- SOLICITUDES, OBRIGAS E PRAZO DE PRESENTACIÓN**

- 4.1.- *Solicitudes*
- 4.2.- *Obrigas e prazo*

**Base 5ª.- CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO**

*Base 6<sup>a</sup>. - PUBLICIDADE*

- 6.1.- *Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.*
- 6.2.- *Publicidade das subvencións concedidas.*
- 6.3.- *Publicidade do financiamento público.*

*Base 7<sup>a</sup>. - TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.*

*Base 8<sup>a</sup>. - PÉRDIDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNNS. RÉXIME DE INFRACCIONES E SANCIÓNNS*

*Base 9<sup>a</sup>. - NORMATIVA DE APLICACIÓN*

*Base 10<sup>a</sup>. - DISPOSICIÓN ADICIONAIS*

*Base 11<sup>a</sup>. - DISPOSICIÓN FINAL*

**ANEXOS**

- ANEXO I. *Solicitud.*
- ANEXO II. *Declaración xurada do cumprimento dos requisitos.*
- ANEXO III. *Declaración xurada do cumprimento dos criterios de avaliación.*
- ANEXO IV. *Autorización para obtención de datos do padrón municipal.*
- ANEXO V. *Ficha de solicitude de transferencia bancaria.*
- ANEXO VI. *Declaración xurada doutras axudas e de axudas en rexime de minimis*
- ANEXO VII. *Memoria xustificativa do proxecto empresarial.*
- ANEXO VIII. *Actividades emerxentes ou novos filóns de emprego.*
- ANEXO IX *Relación de facturas presentadas*
- ANEXO X. *Declaración xurada de que as facturas subvencionadas, relacionadas e presentadas son orixináis.*
- ANEXO XI. *Declaración xurada do perceptor.*

*Base 1<sup>a</sup>. - OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN*

**1.1.- Finalidade**

*A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras e convoca-la concesión, para o ano 2013 das Axudas Municipais para o Fomento da Creación de Empresas no ámbito do Concello de Vigo. Este programa de axudas da Concellería Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado ten a finalidade de colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no Concello de Vigo apoando a posta en marcha de novos proxectos empresariais.*

**1.2.- Beneficiarios/as**

*Poderán acollerse a estas axudas os/as empresarios/as individuais e as pequenas e medianas empresas (PEME), independentemente da súa forma xurídica, que iniciasen a súa actividade empresarial entre o 1 de abril de 2012 e o 31 de marzo de 2013 (entendendo por inicio de actividade a alta no I.A.E.). Para o carácter de pequena e mediana empresa terase en conta o establecido no Regulamento CE número 800/2008 da Comisión de 6 de agosto de 2008.*

### **1.3.- Requisitos xerais dos/as beneficiarios/as:**

- 1- Que a empresa teña o seu enderezo fiscal e social en Vigo.**
- 2- Que, como mínimo, un dos promotores esté en situación de desemprego na data de inicio da actividade empresarial e crear, a lo menos, o seu propio posto de traballo en calquera das formas xurídicas existentes. No caso de ser varios promotores/as, é preciso que como mínimo o 50% do capital social da empresa pertenza a persoas en situación de desemprego.**
- 3- Que a empresa sexa viable técnica, económica e financeiramente.**
- 5- Non ter débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), nin a empresa nin os socios.**
- 6- Non ter débedas co Concello de Vigo, nin a empresa nin os socios.**
- 4- Que sexan empresas de nova creación, considerando incluidos, en tal concepto, os traspasos de negocios.**
- 7- Que o/s promotor/es da empresa non desenvolveran igual ou similar actividade empresarial na mesma localidade, nos seis meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova actividade.**
- 8- Que ningún do/s promotor/es houbese recibido a subvención do programa de “Axudas Municipais á Creación de Empresas” do Concello de Vigo nos 4 anos anteriores á data de inicio da nova actividade.**
- 9- Non poderán obter a condición de beneficiario/a os/as empresarios/as e as pequenas empresas nos que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10, apartados 2 e 3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e noí artícuo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (no caso de sociedades, nin a sociedade nin os/as socios/as).**

Á data límite de presentación das solicitudes os beneficiarios deberán cumplir os requisitos 1) e 6) deste apartado.

### **1.4.- Tipo, contía das axudas e gastos subvencionables**

As axudas son a fondo perdido e a súa finalidade é subvencionar parte dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses de actividade. O importe máximo destas axudas é de 2.500€ por empresa e non poderá superar o 50% dos gastos efectuados durante o período indicado nin tampouco exceder da contía total do investimento inicial realizado polos promotores/as.

Os gastos que poderán ser subvencionables correspondentes ós tres meses anteriores e ós tres meses posteriores ao inicio da actividade, excepto os gastos de constitución e apertura, que poderán corresponder a o período comprendido dende os seis meses antes do inicio da actividade ata a data límite de presentación das solicitudes:

#### **Gastos subvencionables:**

- a) Gastos de constitución e apertura**

*Serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos xerados no proceso de apertura e constitución da empresa:*

- a1- visado, honorarios e gastos de proxectos técnicos
- a2- licenza de obra e licenza de apertura
- a3- alta no Rexistro Mercantil
- a4- certificación negativa do nome da sociedade
- a5- honorarios de notarías por escrituras públicas
- a6- publicación no BORME
- a7- Modelo 600 da Xunta de constitución da empresa.

*b) Existencias iniciais de mercadorías.*

*Serán subvencionables o 50% da adquisición de primeiras compras de mercadorías, de materias primas e doutros consumibles utilizados no proceso de producción.*

*c) Gastos de aluguer de local, do vehículo industrial, de aplicacións informáticas e de equipos informáticos.*

*Serán subvencionables o 50% dos gastos de aluguer sempre que o elemento alugado sexa imprescindible para a realización da actividade da empresa.*

*d) Primas de seguros*

*Serán subvencionables o 50% dos gastos da contratación de seguros directamente relacionados coa actividade empresarial. (seguro do local, de responsabilidade civil e, como máximo, dun vehículo, só no caso de que sexa imprescindible para o desenvolvemento da súa actividade).*

*e) Subministracións e gastos correntes*

*Serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos correntes derivados directamente da realización da actividade empresarial:*

- d1- auga
- d2- teléfono
- d3- electricidade
- d4- gasóleo / gasolina
- d5- material de oficina
- d6- asesoría
- d7- gas
- d8- equipos de seguridade nas súas instalacións (só a cota mensual)

*f) Dereitos de propiedade industrial*

*Serán subvencionables o 50% dos seguintes dereitos:*

- f1- patentes
- f2- modelos de utilidade
- f3- deseño industrial
- f4- marcas de produtos ou servizos
- f5- nomes comerciais
- f6- dominio en Internet

*g) Imposto de vehículos de Tracción Mecánica (IVTM). Serán subvencionables o 50% do custo de dito imposto. Só poderá subvencionarse un vehículo por empresa e só no caso de ser imprescindible e estar relacionado directamente coa actividade a desenvolver (transportista, comercial,...).*

*Queda excluído destas axudas calquera outro gasto non incluído expresamente nos conceptos subvencionables anteriormente relacionados, e en ningún caso consideraranse gastos subven-*

cionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda. No caso de dúbida será a Comisión de Valoración quen decida.

No caso de dúbida en calqueira sobre ditos gastos a comisión de valoración será quen decida.

#### 1.5.- Criterios de avaliación

A concesión das axudas graduarase tendo en conta os seguintes criterios:

1. Emprendedores/as que obtiveron do Concello de Vigo o certificado necesario para a súa cualificación como ILE ante a Xunta e/ou os que obtiveron a cualificación do Concello de Vigo como PEIM (10 puntos)

Empresas que obtiveron o certificado emitido polo concello de ILE e/ou PEIM	10 ptos
---	---------

2. A situación social do socios/as promotores/as (ata 20 puntos)

Esta puntuación valorarase na medida na que se demostre que os/as socios/as promotores/as sexan pertencentes os colectivos con maior dificultade de inserción no mundo laboral.

- Persoas paradas de longa duración (1)
- Que sexa o seu primeiro emprego
- Menor de 30 anos
- Maior de 45 anos
- Mulleres
- Discapacitados/as
- Persoas pertencentes a colectivos en risco ou situación de exclusión social (2)
- Persoas que esgotasen a súa prestación de desemprego ou subsidio
- Persoas que formen unha familia monoparental (3)
- Persoas que formen unha familia numerosa (4)

Por cada condición que reúna cada un dos socios/as promotores/as	2 ptos
--	--------

3. Número de postos de traballo creados por conta propia ou allea de tres ou máis meses de duración (ata 10 puntos).

Por cada emprego creado, por conta propia ou allea a tempo completo de duración mínima de 3 meses	2 ptos
---	--------

No caso de xornadas parciais puntuarase na súa porcentaxe

4. Antigüidade no desemprego dos/as promotores/as autoempregados e/ou dos/as contratados/as (ata 20 puntos).

Tempo no desemprego	Puntos por cada emprego creado
Menos de 6 meses	1 pto
De 6 a 12 meses	3 ptos
Máis de 12 meses	6 ptos

*No caso de xornadas parciais puntuarse na súa porcentaxe*

**5. Actividade emerxente ou novo filón de emprego (Anexo VII) (2 puntos).**

<i>Actividade emerxente ou novo filón de emprego</i>	<i>2 ptos</i>
--	---------------

**6. Que as persoas, promotoras e contratadas por conta aldea, estén empadroadas no Concello de Vigo (ata 20 puntos)**

<i>Por cada persoa, promotora ou contratada por conta aldea empadroada no Concello de Vigo</i>	<i>2 ptos</i>
--	---------------

**7. Polo emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa 2 ptos.**

<i>Polo emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa</i>	<i>2 ptos</i>
--	---------------

*No caso de que o montante total das solicitudes debidamente presentadas supere o orzamento previsto na partida dedicada para tal fin, a Comisión de Valoración realizará proposta de resolución conforme aos criterios de avaliación.*

*Para isto as solicitudes ordearanse en forma descendente segundo a puntuación obtida trala aplicación dos citados criterios, sendo o importe a subvencionar o calculado, para cada solicitante, segundo o previsto no punto 1.4. destas bases, ata esgotar a cantidade máxima autorizada.*

*No caso de que dúas ou máis empresas acadan a mesma puntuación e só houbera crédito orzamentario para unha ou algúnhha delas terase en conta o seguinte criterio de desempate:*

*a) Terán preferencia as solicitudes que acadan unha puntuación máis alta no número de postos de traballo creados e no caso de persistencia da igualdade de puntuación terase en conta a antigüidade no desemprego dos/as promotores e das persoas contratadas.*

*b) De continuar o empate, repartirse a contía dispoñible proporcionalmente segundo o importe que lles correspondería no caso de que houbese orzamento, todo elo sempre ata esgotar a cantidade máxima autorizada.*

*(1) Considéranse parados/as de longa duración aqueles que estivesen sen traballo durante polo menos 12 dos anteriores 16 meses, se fosen maiores de 25 anos, e 6 dos últimos 8 se fosen menores de 25.*

*(2) Considéranse colectivos en risco ou situación de exclusión social os seguintes:*

1. *Persoas perceptoras da renda de integración social de Galicia ou aquellas que non poidan acceder a ela, ben por falta do período exixido de residencia ou empadroamento, ou ben por ter esgotado o período máximo de percepción legalmente establecido, ou membros da súa unidade familiar en desemprego.*
2. *Persoas que participen ou participasen en procesos de rehabilitación ou reinserción social de drogodependentes debidamente acreditados ou autorizados.*
3. *Internos/as de centros penitenciarios cuxa situación penitenciaria lles permita acceder a un emprego, así como liberados/as condicionais ou ex-reclusos/as que non tivesen antes un primeiro emprego fixo remunerado tras un período de privación de liberdade.*

4. Mulleres procedentes de casas de acollida que presenten problemas adicionais de inserción ou reinserción laboral.
5. Persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de víti-ma de violencia doméstica por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia.
6. Mulleres que abandonaran o exercicio da prostitución e se incorporen ao mercado laboral e transexuais ou en procesos de reasignación sexual.
7. Menores internos cuxa situación lles permita acceder a un emprego, así como os que estean en situación de liberdade vixilada e os ex-reclusos/as.
8. Mozos/as que estean ou estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda da Administración Autonómica.
9. Traballadores/as inmigrantes que pasen a ser residentes da comunidade cuxas características condicioneñ a súa integración social.
10. Emigrantes retornados/as con graves necesidades persoais ou familiares.

*Persoas que formen parte de colectivos ou minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social.*

(3) Considerarase familia monoparental aquela que reuna as condicións da lei 3/2011 de 30 de xuño de apoio á familia e a convivencia de Galicia

(4) Considerarase familia numerosa aquela que reuna as condicións que determina a Lei 40/2003 de 18 de novembro de protección das familias numerosas.

#### **1.6.- Alteración das condicións de concesión das axudas**

A empresa deberá manter a súa actividade e as condicións que deron lugar á concesión da subvención durante un mínimo de dous anos contados dende a data da resolución de concesión. A Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado poderá realizar as comprobacións que estime oportunas, ben mediante requirimento da documentación necesaria ou ben mediante visita á empresa, para os efectos de comprobar o cumprimento das obrigas establecidas neste punto.

Calquera alteración nas condicións iniciais tidas en conta para a concesión desta subvención deberá comunicárselle á Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado no prazo dun mes dende a súa modificación.

O cese da actividade ou a modificación das condicións que deron lugar á concesión da subvención, salvo causa xustificada a xuízo da Xunta de Goberno Local, antes de que transcorra un ano dende o inicio da actividade empresarial será causa de reintegro total da subvención. A partires deste ano, o cese da actividade ou a modificación das condicións da subvención, dará lugar ao reintegro da metade da subvención, salvo tamén causa xustificada a xuízo da Xunta de Goberno Local ou que o incumprimento das condicións se aproximara substancialmente ao cumprimento.

*En todo caso, se a Administración municipal apreza mala fe ou fraude nos motivos do cese da actividade ou do cumprimento das condicións da subvención procederá ao reintegro do importe íntegro da subvención.*

**Base 2ª.- EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES.** O conxunto de axudas desta convocatoria son compatibles con calquera outra concedida por empresas públicas ou privadas, estatais ou internacionais, sempre que se cumplan os seguintes requisitos:

- *O importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non poderá superar o custo total dos gastos subvencionables polas presentes axudas. En tal caso cando a actividade*

*fose financiada con outros recursos deberá xustificarse o importe, procedencia e aplicación de tales fondos.*

- *Cando se trate de axudas compatibles entre si dadas en concepto de “minimis”, por calquera Administración pública e para calquera tipo de gasto, non poderá superarse en todo caso o límite de 200.000€ nun período de tres exercicios fiscáis, ou 100.000 euros no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte pola estrada (Regulamento (CE) Nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas de minimis).*

### **Base 3ª.- COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN**

#### **3.1.- Instrucción e tramitación das axudas**

- *O procedemento para a concesión destas subvencións iniciarase de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva (a concesión das subvencións realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, en función dos criterios de valoración recollidos no apartado 1.5).*
- *A Concellería de Promoción Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado será a encargada da tramitación das solicitudes e, tras o informe da Comisión de Valoración, proporrálle a concesión e denegación das axudas á Xunta de Goberno Local.*
- *A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas, e o seu acordo sera publicado no Taboleiro de Edictos do Concello de Vigo, na páxina web do concello [www.vigo.org](http://www.vigo.org), e poderase notificar individualmente no correo electrónico indicado na solicitude.*

#### **3.2.- Comisión de Valoración e Seguimiento**

*Existirá unha Comisión de Valoración das solicitudes e Seguimiento das subvencións concedidas, que estará composta por:*

- *Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.*
- *Xefe do servizo de Promoción Económica e Emprego.*
- *Dous/Dúas técnicos/as do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.*

*Dita comisión, formada por un número par de membros, contará co voto de calidade do concelleiro, que será resolutivo. O Xefe do servizo actuará como secretario.*

*A Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado será a encargada de avaliar as solicitudes, e tramitará aquellas que reúnan os requisitos contidos nestas bases, e así mesmo, levará o control, seguimento e inspección das axudas concedidas.*

*Para as accións de control, seguimento e inspección a comisión de valoración e seguimiento e a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado poderán requirirlle aos/ás empresarios/as e/ou as pequenas e medianas empresas beneficiarias a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións para as que se concedeu a subvención.*

### **Base 4ª.- SOLICITUDES, OBRIGAS E PRAZO DE PRESENTACIÓN**

#### **4.1.- Solicituds**

As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, presentadas segundo modelo normalizado (Anexo I), presentaranse no Rexistro Xeral do concello ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As solicitudes (Anexo I) dirixiranse á Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, debendo ir acompañadas da seguinte documentación (orixinal ou copia compulsada previamente no Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do concello- 4ª planta):

- Declaración xurada do cumprimento dos requisitos segundo o punto 1.2 e 1.3 da base 1ª de dita subvención (Anexo II)
- Declaración xurada do cumprimento dos criterios de avaliación segundo o punto 1.5 da base 1ª (Anexo III)
- Ficha de solicitude de transferencia bancaria (Anexo V).
- Declaración xurada das axudas solicitadas e/ou concedidas (Anexo VI).
- Memoria xustificativa do proxecto empresarial (Anexo VII).
- Actividades emerxentes ou novos filóns de emprego (Anexo VIII), no seu caso.
- Certificados de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda e a AEAT (Agencia Estatal de Administración Tributaria) da sociedade e de todos/as os/as socios/as
- NIF/DNI da empresa/empresario/a individual e dos socios/as/comuneros/as e, no seu caso, copia do contrato/escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil. (no caso de sociedade limitada só precisase o DNI do representante da empresa e dos socios que se autoempreguen).
- Alta no IAE da empresa ou empresario/a individual que solicita a axuda e, no caso das Sociedades Limitadas de Nova Empresa (SLNE) o documento único electrónico (DUE).
- Alta no correspondente réxime da Seguridade Social e vida laboral dos/as empresarios/as traballadores/as que cree/n o/s seu/s propio/s posto/s de traballo/s.
- Facturas dos gastos para os que se solicitou a subvención xunto coa poliza do seguro e contrato de aluguer, no seu caso. No caso de licenzas deberá indicar a cuantía aboada.
- Relación de facturas presentadas dos gastos subvencionables recollidos na Base 1ª, punto 1.4., (Anexo IX)
- Solicitud de licenza de apertura e licenza de obras, cando sexa necesario para o desenvolvemento da actividade.

Documentación a presentar para a avaliación (punto 1.5 das bases):

- Certificado emitido polo concello de ILE/PEIM ou declaración da súa obtención.
- Certificados que demostren a situación social dos promotores autoempregados (vida laboral, DNI, certificado de discapacidade, acreditación da pertenza a colectivos en risco ou situación de exclusión social e acreditación das persoas que esgoten a súa prestación de desemprego ou subsidio, no seu caso,...). A condición de familia monoparental acreditarase mediante o xustificante de empadroamento conxunto (1) que non será necesaria presentala si presenta asinada a autorización do Anexo IV e a condición de familia numerosa acreditarase mediante o

*titulo oficial establecido ao efecto (art 2 e 5 da lei 40/2003 de protección de familias numerosas)). Para avaliar o empadroamento é necesario presentar o xustificante de empadroamento ou o anexo de autorización (Anexo IV).*

▫ *No caso de contratación:*

1. *DNI e vida laboral das persoas traballadoras contratadas.*
2. *Contrato/s de trabalho, debidamente rexistrado/s na correspondente oficina do Servizo Público de Emprego (SPE).*
3. *Alta na Seguridade Social das persoas traballadoras*
4. *Anexo de autorización (Anexo IV) de cada un dos contratados*

▫ *Calqueira medio que probe o emprego da língua galega na realización das actividades propias da empresa (páxina web, publicidade en galego , ...).*

▫ *Certificados ou calquera documento que o/a solicitante estime oportuno para a súa avaliación.*

*Non é necesario presentar compulsada a seguinte documentación: DNIs, licenza de apertura e de obras, certificado emitido polo concello para a súa cualificación como ILE/PEIM nin os documentos asinados electrónicamente pola administración.*

*(1) No caso de familia monoparental empadroada noutro concello sí será necesario aportalo xustificante de empadroamento conxunto do seu concello.*

*Cando a solicitude non reúna os requisitos esixidos, ou falte algún documento que segundo a base 4ª resulte esixible, requerirase á/ás persoa/as interesada/as para que no prazo de dez días subsane a falla ou aporte os documentos preceptivos, con indicación de que, si así non o fixera, se lle tendrá por desistido da súa solicitude, arquivándose ésta previa resolución que deberá ser dictada nos termos previstos na [Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.](#)*

*Toda a documentación deberá presentarse debidamente cuberta, numerada, con data, identificación da persoa solicitante e/ou da empresa e debidamente asinada. No caso de dúbida sobre a documentación aportada será a Comisión de Valoración quen decida.*

#### **4.2.- Obrigas e prazo**

*Dacordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obrigas da empresa beneficiaria:*

- *Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.*
- *Acreditar, no momento da solicitude da axuda, que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais coa Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social.*
- *Non procederá o pago da subvención en tanto o beneficiario non acredite estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.*
- *Comunicarlle ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.*
- *Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.*
- *O beneficiario deberá someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración, a quen corresponderá a comprobación*

*destas subvencións, e facilitará a ésta e á Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, para o cal deberá conserva-los documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.*

*O prazo de presentación de solicitudes contarase a partir do día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e rematará un mes despois desta data.*

*A documentación relativa aos proxectos que non resulten subvencionados, poderá ser retirada das dependencias municipais polos solicitantes, no prazo de tres meses dende a publicación do acordo, previa solicitude por rexistro. Transcurrido dito prazo, a administración municipal non estará obrigada a súa custodia.*

#### **Base 5ª.- CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO**

1. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para decidir sobre a concesión ou denegación das axudas, previo informe da Comisión de Valoración.
2. O prazo para resolver será, como máximo, de seis meses dende o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do concello.

*Transcorrido o devandito prazo de seis meses sen que a Xunta de Goberno Local dicte resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Trascorrido este último prazo únicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.*

*A resolución do procedemento publicarase no Taboleiro de Edictos do concello e na páxina web do concello [www.vigo.org](http://www.vigo.org) e poderase notificar individualmente no correo electrónico indicado na solicitude, no prazo de dez días dende a resolución de concesión ou denegación, segundo o artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Contra esta resolución cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición, no prazo de un mês, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

*Os/as adxudicatarios/as das axudas están obligados no prazo de dez días a contar dende o día seguinte ao da súa notificación a comunicar á Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderáse tacitamente aceptada e faranse efectivas nun pagamento único, condicionadas a que a empresa e todos os socios estén ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co concello e á presentación da seguinte documentación:*

- a) Unha relación clasificada dos gastos totais, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. Nas facturas se computará o gasto acreditado deducido o IVE, salvo que a entidade acredite que está exenta de IVE, xa que en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación. Só deberá presentar as facturas

*relacionadas no (Anexo X), a empresa beneficiaria poderá poderá solicitar dito anexo a o Servizo de Desenvolvimento Local e presentaralo asinado e con data actualizada.*

*b) Facturas orixinais polo importe total da subvención outorgada. Ditas facturas deberán conter os requisitos esixidos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que apróbanse o Regulamento polo que regulan as obligacións de facturación, dos que cabe destacar os seguintes:*

- Número e, no seu caso, serie.
- Data da súa expedición
- Nome e apelidos, razón ou denominación social completa do obrigado a expedir factura e do destinatario das operacións
- Número de identificación fiscal do obrigado a expedir factura e do destinatario
- Enderezo do obrigado a expender a factura e do destinatario das operacións
- Descripción das operacións, consignándose todos los datos necesario para a determinación da base imponible, o imposto correspondente e o seu importe, incluíndo o prezo unitario sen imposto de ditas operacións e calqueira desconto o rebaixa non incluido en dito precio
- O tipo impositivo ou tipos impositivos, no seu caso, aplicados ás operacións
- A cota tributaria que, no seu caso, repercuta, consignada por separado
- Especificación, por separado, da parte de base imponible correspondente a cada unha das operacións documentadas na mesma factura nos casos indicados.

*Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser estampillados polo Servizo de Desenvolvimento Local e Emprego, mediante un selo existente ao efecto no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e o importe exacto imputado á subvención.*

*c) Declaración xurada doutras axudas e de axudas en rexime de minimis (Anexo VI).*

*d) Declaración xurada do perceptor (Anexo XI), acreditativa dos seguintes extremos:*

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonadas aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Pessoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.

*e) Certificados de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda e coa AEAT (Agencia Estatal de Administración Tributaria) da sociedade e de todos/as os/as socios/as*

*f)Fotografía do cartel informativo da subvención que será suministrado polo servizo de Promoción Económica e Emprego.*

*O prazo para a presentación desta documentación será de 10 días a contar desde o día seguinte a o da súa notificación da concesión das correspondentes axudas.*

*Toda a documentación presentada deberá presentarse numerada, con data, identificación da persoa solicitante e da empresa e a sinatura do seu representante.*

O servizo xestor, Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que tramita a concesión, levará a cabo a comprobación da subvención, informando da adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou aproveitamento da subvención no momento do pago, sen prexuízo do seguemento do mantenemento das condicións ou tratamento da subvención no prazo de dous anos esixidos.

#### Base 6ª.- PUBLICIDADE

##### 6.1.- Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas para o ano 2013 do “Programa de axudas municipais á creación de empresas” do Concello de Vigo publicarase no correspondente diario oficial, nos xornais de maior tirada da cidade e na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org), unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local; as antecitadas bases reguladoras e convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado (Casa do Concello – 4ª planta), na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org), e nas dependencias de información do Concello de Vigo.

##### 6.2.- Publicidade das subvencións concedidas.

Tódalas axudas que se concedan será publicado, coas devanditas indicacións, na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org), exposto no Taboleiro de Edictos do Concello de Vigo e poderase notificar individualmente no correo electrónico indicado na solicitude.

##### 6.3.- Publicidade do financiamento público.

Os/as beneficiarios/as das subvencións obxecto desta convocatoria deberán poñer no seu local un cartel de forma visible no que se indique que a actividade está financiada polo Concello de Vigo. O cartel será subministrado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

#### Base 7ª.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais que deban facilitar os/as solicitantes das axudas ó serán aos efectos de comprobar a concurrencia dos requisitos necesarios para obter ditas axudas e serán tratados aos exclusivos efectos da concesión das mesmas, sendo responsable do tratamento dos datos a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

#### Base 8ª.- PERDIDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO. RÉXIME DE INFRACCIONES E SANCIÓNS.

##### ● Pérdida do derecho ao cobro:

O incumplimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obligas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, así como a obtención concorrente doutras axudas compatibles ou incompatibles dará lugar, en cada caso, á pérdida do derecho ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pagamento, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.

● *Renuncia:*

O/a beneficiario/a poderá renunciar voluntariamente á subvención nas condicións que establece a normativa legal de aplicación.

● *Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:*

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En particular a percepción doutras axudas incompatibles coas que son obxecto destas bases dará lugar ao reintegro da axuda municipal, cos correspondentes xuros de demora desde o momento do seu pagamento, salvo que acredite, durante a tramitación do procedemento de reintegro, a renuncia e devolución da axuda incompatible coa municipal.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

#### Base 9ª.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

A concesión destas axudas rexererase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas bases reguladoras que se conteñen na presente convocatoria, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

#### Base 10ª.- DISPOSICIÓN ADICIONAL

##### 1.- Primeira

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á asignación orzamentaria 2410 470.00.00 "Programas de axudas á inserción laboral" do presupuesto municipal para o ano 2013, cun importe total de 50.000€.

##### 2.- Segunda

A presente convocatoria e as axudas outorgadas ao abeiro dela cumplirán as directrices establecidas na comunicación da Comisión relativa ás axudas de "mínimis".

#### Base 11ª.- DISPOSICIÓN FINAL

Estas bases entrarán en vigor a data seguinte á da súa aprobación en Xunta de Goberno Local. As solicitudes correspondentes poderán presentarse a partir do día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

#### 10(534).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SISTEMA DE RADIOPARLAMENTOS DE VOZ E DATOS (TRUNKING). EXPTE., 37774/212.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 8.05.13, e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Seguridade e

Mobilidade, do 25.04.13, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transportes e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a prórroga do contrato do sistema de radiocomunicacións de voz e datos (sistema Trunking) para enlaza-los diversos servizos do Concello de Vigo, por importe de 89.594,56 € (21% IVE ingadido), adxudicado por acordo da XGL de 20 de abril de 2012 (expte. 33606-212) á mercantil Talleres Eléctricos de Pontevedra, Sociedade Cooperativa (TAELOPO, S. COOP.) co CIF F-36.049.534,e formalizado en documento administrativo o 10 de maio de 2012.

2º.- Aprobar e autorizar, en consecuencia, un gasto de 52.263,50 € para 2013 (periodo comprendido entre o 01 de xuño e o 31 de decembro) con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2080000 (aluguer da recepción trunking) e o seu nivel de vinculación xurídica, e de 37.331,06 € para 2014 (periodo comprendido entre o 01 de xaneiro e o 31 de maio) con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2080000 (aluguer da recepción trunking).

**11(535).- RECTIFICACIÓN ERROS DETECTADOS NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 15/02/2013 RELATIVO A “INSTRUCCIÓN SOBRE XORNADA E HORARIOS DE TRABALLO E RÉXIME DE AUSENCIA DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO” (EXpte. 23889/220). EXPTE. 24100/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 9.05.13, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*Con data 15 de febreiro de 2013, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, adoptou acordo sobre “Instrucción sobre xornada e horarios de traballo e réxime de ausencia do persoal ao Servizo do Concello de Vigo”. Detectados erros na súa transcripción que poden inducir a confusión na interpretación do acordo, estimase conveniente a súa corrección nos seguintes termos:*

*“6.2.- debe engadirse ao final, “sendo a xornada presencial obligatoria de 9,00a 14,00 horas”.*

*7.1.- debe eliminarse: a palabra “fixo” e deberá engadirse ao final, “e respectando a xornada presencial obligatoria”.*

*7.2.- debe eliminarse a palabra “fixo” e engadirse debendo constar “horario de inicio de xornada”.*

*7.3.- debe eliminarse a palabra “fixo” e engadirse debendo constar “horario de inicio de xornada”.*

*9.- No último parágrafo onde dí: “Os períodos de goce dos permisos a que se refiren as letras b) e c) anteriores non poderán acumularse a outros tipos de permisos e licenzas.”, debe dicir: .....anteriores si poderán ....”*

*De conformidade co disposto no art. 105.2 da vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, ben de ofi-*

cio ou a instancia dos interesados, os erros materiais de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Visto o réxime de atribucións recollido no artigo 127.1.h) da Ley 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local; e considerando a competencia de cada órgano para a rectificación dos seus propios actos nos supostos de erro indicados, sométese a consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Primeiro.- Rectificar, ao abeiro do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, o erro detectado no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 15/02/2013 (expte. 23889-220), aprobatorio das “Instruccións sobre xornada e horarios de traballo e réxime de ausencia do persoal ao servizo do Concello de Vigo”, nos apartados seguidamente indicados:

“6.2.- debe engadirse ao final, “sendo a xornada presencial obligatoria de 9,00a 14,00 horas”.

7.1.- debe eliminarse: a palabra “fixo” e deberá engadirse ao final, “e respectando a xornada presencial obligatoria”.

7.2.- debe eliminarse a palabra “fixo” e engadirse debendo constar “horario de inicio de xornada”.

7.3.- debe eliminarse a palabra “fixo” e engadirse debendo constar “horario de inicio de xornada”.

9.- No último parágrafo onde dí: “Os períodos de goce dos permisos a que se refiren as letras b) e c) anteriores non poderán acumularse a outros tipos de permisos e licenzas.”, debe dicir: .....anteriores si poderán ....”

Segundo.- Notifíquese o presente acordo á Xefatura do Servizo de Administración Electrónica para a debida difusión das instruccións mediante correo electrónico e Intranet Municipal.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **12(536).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE AO POLICÍA LOCAL, D. JOSÉ ANGEL PORTELA SAAVEDRA. EXPTE. 23876/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 7.05.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación, do 6.02.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da ÁREA de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Proceder ao outorgamento dun complemento de produtividade polos servizos prestados ao funcionario municipal adscrito ao Servizo da Policía Local D. José Angel Portela Saavedra, con numero de persoal 81962, por importe de 394.92€, correspondentes ao 2012, a petición do Intendente Xefe en funcións da Policía Local.

Segundo.-Aprobar o gasto por importe total de 394.92€ en concepto de produtividade a favor do funcionario municipal adscrito ao Servizo da Policía Local D. Jose Angel Portela Saavedra, co numero de persoal 81962, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 "Productividade" do vixente orzamento.

Dése traslado do presente acordo aos interesados/as, Xefatura do Servizo, Sres. Concelleiros/as delegados/as das Áreas correspondentes, Intervención Xeral Municipal e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.

### **13(537).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS:**

#### **A) RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DE XESTIÓN MUNICIPAL DE DECLARACIÓN DE XUBILACIÓN OBRIGATORIA DA EMPREGADA MUNICIPAL DA. BERTA GUARNER GONZÁLEZ CON EFECTOS DE 01/05/2013. EXPTE. 24065/220.**

Dáse conta do informe-proposta da xefa de negociado de Réxime Interior, do 30.04.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

##### **ANTECEDENTES**

1.- Consultados os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos, Dna. BERTA GUARNER GONZÁLEZ, con DNI 50401167-W, ten a condición de funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter estatal, con nº de persoal 24012, data de nacemento 01/05/1948, con praza e posto de Interventora adxunta (pto. 283), grupo A1 de titulación e grupo de tarifa 01, adscrita ao Servizo de Intervención Xeral Municipal (140).

##### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

I.-A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) establece no seu artigo 67, apartado 1, letra b) que a xubilación dos funcionarios públicos poderá ser "Forzosa, ao cumplir a idade legalmente establecida", en concordancia co establecido no art. 160 e seguintes do Real decreto lexislativo 1/1994, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social.

II.- O real decreto lexislativo 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupuestaria e de fomento da competitividade, establece no seu art. 11 respecto da xubilación dos funcionarios públicos que con independencia da idade legal de xubilación forzosa establecida na Lei 7/2007, de 13 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, será en todo caso a que prevean as normas reguladoras de réxime xeral da seguridade social, non obstante o artigo 67.3 da norma establece que "a xubilación forzosa declararase de oficio ao cumplir o funcionario os sesenta e cinco (65) anos de idade."

*III.- Asímesmo, a Lei 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, fixa a idade ordinaria de xubilación en términos de anos e meses durante un período transitorio que se extende ata o ano 2027, facendo depender dita idade do período de cotización expresado en anos e meses.*

*IV.- En consecuencia, procederá que polo órgano competente para a declaración das situacóns administrativas e xestión económica e administrativa do persoal municipal se declare a xubilación de Dna. Berta Guarner González, con data de efectos de 01/05/2013, e cuxa proposta se debe elevar ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de febreiro de 2013, de delegación de competencias e estructura das áreas e servizos (apartado Segundo, b), 4) e art. 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local segundo redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local.*

*V.- Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime competencial exposto, propónese ao Sr. Concelleiro-Delegado a seguinte RESOLUCIÓN:*

*"Primeiro.- Declarar a xubilación obligatoria da funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter estatal Dna. BERTA GUARNER GONZÁLEZ, con data de efectos 01/05/2013, con nº de persoal 24012, data de nacemento 01/05/1948, con praza e posto de Interventora adxunta (pto. 283), grupo A1 de titulación e grupo de tarifa 01, adscrita ao Servizo de Intervención Xeral Municipal (140), en aplicación do previsto no artigo 67.1.b) da Lei 7/2007, do 12 de abril, e normativa de concordante aplicación.*

*Segundo.- Notifíquese o presente acordo á interesada, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, e dease conta á Xunta de Goberno Local, significándose que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicóns do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito."*

Coa mesma data o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, resolve de conformidade co precedente informe.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**B) RESOLUCIÓN DO EXCMO. ALCALDE SOBRE A PERMANENCIA NA PRESTACIÓN DE SERVICIOS POR PARTE DE D. FRANCISCO J. GONZÁLEZ-YEBRA PIMENTEL COMO LETRADO NO TRIBUNAL SUPREMO. EXPTE. 24098/220.**

Dáse conta da referida resolución, de data 3.05.13, que di o seguinte:

*Vista a petición formulada polo Gabinete Técnico do Tribunal Supremo en escrito de data 26/04/2012 (documento administrativo nº 130046851) solicitando ao Concello de Vigo a realización das xestións precisas para continuar contando cos servizos de D. Francisco González-Yebra Pimentel, Técnico de Administración Xeral (rama xurídica) e funcionario de carreira do Concello de Vigo, no Gabinete Técnico do Tribunal Supremo como Letrado, de conformidade co*

acordo entre o Ministerio de Xustiza e o Tribunal Supremo de 1 de xaneiro do 2013, a fin de reforzar o Gabinete Técnico do Alto Tribunal;

Considerando que o Sr. González Yebra-Pimentel atópase prestando servizos no citado órgano xurisdiccional, ao cal accedeu estando na situación de servizo activo no ano 2011;

Toda vez que o funcionario indicado atópase actualmente en activo, prestando os seus servizos noutra Administración Pública, nos termos do establecido no artigo 88 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público;

Considerando que a competencia para a autorización sos sistemas de provisión de postos de traballo legalmente previstos (libre designación, titularidade de órganos directivos, comisión de servizos, entre outros) corresponde á Administración Pública de destino, nos termos e condicións do previsto na normativa que resulte de aplicación na mesma (artigo 88 citado anteriormente), sendo competencia deste Concello únicamente o informe favorable ao respecto; e considerando que resulta de especial interese -tanto para o funcionario citado como para esta Administración Municipal de Vigo- o feito de que polo máximo órgano xurisdiccional integrante do Poder Xudicial se solicite continuar contando cos servizos do Sr. González-Yebra Pimentel;

Considerando o disposto na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público; e no uso das competencias que a lexislación vixente en materia de réxime local atribúe á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, preceptuadas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local RESOLVO:

**"PRIMEIRO.- Informar favorablemente á permanencia na prestación de servizos por parte de D. Francisco González-Yebra Pimentel, Técnico de Administración Xeral (rama xurídica) e funcionario de carreira do Concello de Vigo, como Letrado de dito Tribunal solicitada polo Gabinete Técnico do Tribunal Supremo en escrito de data 26/04/2012 (documento administrativo nº 130046851), de conformidade coa normativa rectora da provisión de postos de traballo no Tribunal Supremo e lexislación de concordante aplicación.**

**SEGUNDO.- Lembrar a obriga de solicitar a reincorporación á prestación do servizo no Concello de Vigo no momento en que remate a virtualidade do sistema de provisión de postos de traballo solicitada polo Tribunal Supremo ou se produza o cesamento do mesmo, nos termos, condicións e alcance do establecido no artigo 88 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público."**

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar desde o día siguiente ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

#### **14(538).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 3.301,50 € A FAVOR DE SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL POSTAL POLA**

## **EMISIÓN DOS ADEUDOS POR DOMICILIACIÓN DA TAXA POR EXACCIÓN UNIFICADAS DO PERÍODO 2012. EXPTE. 12947/541.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 2.05.13, e de acordo co informe-proposta do tesoureiro, do 19.04.13, conformado pola concelleira delegada da Área de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 3.301,50 euros, a favor de SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL POSTAL con NIF. B95604021, pola prestación dos servizos da emisión dos adeudos por domiciliación de 7206 recibos correspondentes á taxa por exaccións unificadas do período 2012.

**SEGUNDO.-** Imputar o gasto de 3.301,50 euros á partida orzamentaria 9310 2279901 (Outros estudos e traballois técnicos) do vixente orzamento.

## **15(539).- EXECUCIÓN DA SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO RECAÍDA NO P.A. 352/2009 EN RELACIÓN A CONCESIÓNDS DE POSTOS NO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 5863/111.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do secretario da Admón. Municipal, do 9.05.13, conformado polo concelleiro de Comercio, que di o seguinte:

*Recaida sentenza nº 115/2010 do 28 de abril ditada polo Xulgado do Contencioso nº 1 de Vigo no P.A. 352/2009, interposto por Dª.Mª DOLORES OYA AMOEDO contra Resolucións do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo de 14-09-2009, recaidas nos expedientes nº 155/551, 156/2551 e 157/551, relativas a concesións de postos no Mercado do Progreso, o Asesor de Mercados do Concello ten a ben informar o seguinte:*

### **ANTECEDENTES DE FEITO**

1. A Sentenza nº 115/2010 do 28 de abril recaida no P.A. 446/2009, interposto por Dª.Mª DOLORES OYA AMOEDO contra Resolucións do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo de 14-09-2009, recaidas nos expedientes nº 155/551, 156/2551 e 157/551, relativas a concesións de postos no Mercado do Progreso, estimou en parte o recurso contencioso-administrativo interposto pola demandante realizando no seu fallo os seguintes pronunciamentos:

"a) Se declara contraria al ordenamiento jurídico -y teniéndola por no incorporada- la introducción, en las respectivas resoluciones de tales expedientes, del inciso: "non se indemnizará a desaparición de postos adicionais cando o interesado conserve polo menos un; é dicir, só se indemnizará a aqueles comerciantes que coma consecuencia das obras e, en aplicación dos criterios xa indicados en anteriores comunicacións, deban cesar na súa actividade no Mercado do Progreso e exclusivamente esta indemnización efectuarase por un só posto".

b) Se declara la nulidad del acuerdo dictado en el expediente 157/551, y por ello de la denegación de la adjudicación, sin que por el contrario deba accederse a la pretensión de la demandante de que se declare su derecho a resultar adjudicataria, ya que compete a la Administración municipal comprobar si la petición estaba ajustada a las condiciones definitivamente fijadas en el acuerdo de 22 de junio de 2009. A estos efectos, el Concello dispondrá del plazo de un mes para dictar nueva resolución en este expediente conforme a las indicadas bases de la concesión".

2. En sesión de 14 de xuño de 2010 a Xunta de Goberno Local tomou coñecemento do contido da anterior sentenza.

3. A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión que tivo lugar o día 7 de febreiro de 2011 acordóu:

"1. Dispoñer o cumprimento nos seus propios termos da sentenza nº 115/2010 do 28 de abril do Xulgada nº 1 do Contencioso-Administrativo de Vigo recaída no P.A. 446/2009, interposto por Dª.Mª DOLORES OYA AMOEDO na que se declara ter por non incorporada a introducción nas resolucións recaídas en expedientes nº 155/551, 156/551 e 157/551do seguinte inciso: "non se indemnizará a desaparición de postos adicionais cando o interesado conserve polo menos un; é dicir, só se indemnizará a aqueles comerciantes que coma consecuencia das obras e, en aplicación dos criterios xa indicados en anteriores comunicacións, deban cesar na súa actividade no Mercado do Progreso e exclusivamente esta indemnización efectuarase por un só posto"

2. Ordenar a incoación dun novo procedemento de solicitude de Dª. Mª DOLORES OYA AMOEDO para o outorgamento de concesión de dominio público sobre o posto denominado B46 do Mercado do Progreso , atendendo ás condicións definitivamente fixadas no acordo de 22 de xuño de 2009"

3. Por Auto de 8 de marzo de 2013 o Órgano Xudicial ordena dictar resolución admimistrativa resolvendo expediente de concesión

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. De conformidade co disposto no artigo 117.3 da Constitución: " O exercicio da potestade xurisdiccional en todo tipo de procesos, xulgando e facendo executar o xulgado corresponde exclusivamente aos Xulgados e Tribunais determinados polas leis, segundo as normas de competencia e procedemento que as mesmas establezcan".

2. Segundo o disposto no artigo 103.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa 8en adiante, LXCA) "As partes están obrigadas a cumplir as sentenzas na forma e termos que nestas se consignen".

Consecuentemente, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Outorgar unha concesión de dominio por un prazo de 40 anos a Dª.Mª DOLORES OYA AMOEDO (NIF 36043560F) sobre o posto denominado B46 do Mercado do Progreso, suxeita ás seguintes condicións:

O canon mensual inicial referido ó ano 2009 é de 90,62 euros por posto ou a cantidade equivalente referida á fronte do posto, que poderá ser incrementado en ata un 40% pola entidade que asuma en virtude de calquera tipo de acordo có Concello de Vigo a xestión do Mercado do Progreso. O dito canon actualizarase anualmente á porcentaxe do IPC e é independente do importe que se indica en apartado posterior.

Así mesmo, a proposta dos concesionarios dos postos, e ó fin de incrementar os servizos ou reaxustar os importes a novas condicións nos supostos de reordenación dos espazos, poderanse incrementar e/ou redistribuír os cánones mensuais.

Os concesionarios poderán constituirse en asociación administrativa de contribuíntes ó efectos da imposición de contribucións especiais á que se refiren os artigos 36 e 37 do TRLFL.

A concesión está condicionada ó ingreso de 2.718,60 € que serán liquidados polo Concello de Vigo previa xustificación pola interesada das cantidades ingresadas a conta da dita

*cantidad, para o que se lle outorga un prazo de un mes dende a notificación do presente acordo da Xunta de Goberno Local*

*Se fosen realizadas obras de reforma que impliquen o traslado ou desaparición de postos, o concesionario poderá optar por un posto de similares características que se atope baleiro ou que se cree coma consecuencia da reforma ou por unha indemnización de dúas mensualidades por cada ano ou fracción que lle reste de concesión, sen que sexa maior para ningún ano da cantidad que abonou en concepto de ampliación do prazo de concesión.*

*De realizarse obras no Mercado, tódolos comerciantes, deberán adquirir e instalar ás súas expensas o mobiliario do seu posto que se aprobe por tipoloxías de comerciantes comúns. Non están permitidos, agás autorización expresa e escrita, mobiliario ou instalacións distintas das que se aproben no proxecto.*

*Obriga do concesionario dos postos a desenvolver efectivamente a actividade comercial no posto, con pleno acatamento ás normas.*

*Prohibición de arrendar o negocio e de mantelo sen actividade, motivos ambos que darían lugar á rescisión da concesión sen dereito a indemnización*

*Prohibición de cesión de dereitos, traspaso ou gravame sobre o posto sen o consentimento expreso do xestor do Mercado e que se suxeitará ás seguintes condicións:*

1. *Os dereitos que outorgan a concesión dos postos fixos son persoais e transferibles entre vivos e por causa de morte.*
2. *O traspaso das concesións determinará a obriga de pagamento ó Concello de Vigo de unha mensualidade por cada ano ou fracción que quede ata o final do prazo da concesión do posto.*
3. *No caso de falecemento, xubilación ou invalidez do adxudicatario, a concesión administrativa ó seu favor poderá ser transmisible ós seus ascendentes, descendentes ou cónxuxes sen lugar a satisfacer cantidad algúnhia.*
4. *As concesións transmitidas caducarán na mesma data que a concesión orixinal.*

*Os concesionarios deberán aboar os tributos que lle resulten esixibles, así coma os subministros (auga, luz, teléfono, etc) dos que exista contador individualizado ou común prorratable.*

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

## **16(540).- INADMISIBILIDADE DE INICIO DO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO POR MINISTERIO DE LEI NO MONTE DA GUÍA, PARROQUIA DE TEIS. EXPTE. 11498/411.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarala urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Xeral, do 9.05.13, conformado poloxefe de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES

- I. Con data do 11 de decembro de 2008 por dona Clara López Suárez e dona Marina Cañizo Suárez, achégase escrito advertindo a esta administración municipal do seu propósito de iniciar o expediente de prezo xusto da parcela da súa propiedade, situada no Monte da Guía, Parroquia de Teis, nos termos e condicións do artigo 99 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbánstica e protección do medio rural de Galicia (LOUGA) -doc. núm. 80159174 do rexistro de entrada da xerencia municipal de Urbanismo-.
- II. Con data do 15 de xaneiro de 2009 polo delegado da área de Urbanismo e Vivenda resolveuse inadmitir, de conformidade cos fundamentos técnicos e xurídicos expostos na resolución, o escrito presentado por dona Clara López Suárez e dona Marina Cañizo Suárez de advertencia previa a esta administración municipal do seu propósito de iniciar o expediente de prezo xusto da parcela da súa propiedade, situada no Monte da Guía, Parroquia de Teis, nos termos e condicións do artigo 99 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbánstica e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), resolución que adquiriu firmeza en vía administrativa con data do 16 de marzo de 2009 ao desestimarse polo delegado da área de Urbanismo e Vivenda o recurso de reposición presentado contra a mesma con data do 22 de febreiro de 2009.
- III. Contra esta última resolución do delegado da área de Urbanismo e Vivenda, foi interposto o correspondente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo núm. 1 de Vigo e con data do 5 de marzo de 2012 dentro do procedemento ordinario 63/2009, ditouse a sentenza 87/12 desestimatoria do recurso contencioso administrativo que declara axustada ao ordenamento xurídico a resolución impugnada. Con data do 5 de decembro de 2012 a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dentro do recurso de apelación núm. 004334/12, falla que procede estimar residual, formal y parcialmente el recurso de apelación promovido pola representación legal de dona Clara López Suárez e dona Marina Cañizo Suárez, revogando aquela precedente e desestimatoria sentenza núm. 87/12, de 5 de marzo e inadmitindo o recurso contencioso-administrativo promovido, conforme aos artigos 51.1.c), 68.1.a) e 69.c) da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdicción contencioso-administrativa.
- IV. Con data do 3 de abril de 2013 por don Jerónimo A. Escariz Covelo, en nome e representación de dona Clara López Suárez e dona Marina Cañizo Suárez, achégase escrito instando o inicio do expediente de prezo xusto coa correspondente folla de aprecio dos bens e dereitos afectados axunta, en relación coa expropiación por ministerio da Lei advertida polas súas representadas con data do 11 de decembro de 2008 -doc. núm. 130036871 do rexistro de entrada da xerencia municipal de Urbanismo-.
- V. Consta no expediente informe da arquitecta municipal de data do 8 de maio de 2013 do seguinte tenor literal: ""Á vista da documenación contida no expediente en referencia a parcela situada no camiño Montiño-Teis, que conta coa referencia catastral 47843A1N-G2748S, emítense o seguinte

#### INFORME

A parcela obxecto deste expediente, con respecto ao plan xeral de ordenación municipal con aprobación definitiva parcial por Orde da Consellería de Política Territorial de data 16 de maio de 2008, e aprobación definitiva do documento de cumprimento da Orde anterior pola Consellería de medio ambiente, territorio e infraestruturas de 13 de xullo de 2009, figura en solo clasificado como urbano consolidado incluída dentro do sistema xeral de es-

pazos libres e zonas verdes SX/EL-ZV/B01/002 A Guía, estando afectada parcialmente pola liña de servidume de protección de costas. A parcela están dentro da área de respecto de elementos arqueolóxicos, nomeadamente do xacemento catalogado polo PXOM coa clave X-001: Castro do Monte da Guía.

A ficha específica do sistema xeral de espazos libres e zonas verdes, incluída no Documento de Xestión e execución do PXOM, sinala unha superficie total para o parque urbano do Monte da Guía de 235.787 m<sup>2</sup>, quedando da dita superficie uns 58.047 m<sup>2</sup> por obter polo sistema de expropiación. A programación reflicte a obtención do 50% no primeiro cuadriénio, quedando a obtención do outro 50% para o segundo cuadriénio.

O PXOM prevé que para o desenvolvemento deste sistema xeral redactarase un Plan Especial de Protección, cuxa delimitación coincide coa superficie delimitada no P.E.P. IV-14 Monte da Guía (que comenzou a tramitarse ao abeiro do PXOU de 1993, pero que non foi aprobado definitivamente) axustada ao ámbito libre de edificacións.

Por outra banda, a parcela de referencia, con respecto ao plan xeral de ordenación urbana aprobado definitivamente pola C.P.T.O.P.T. o 29/04/1993 (Subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á Lei 11/85 de adaptación da do solo de Galicia) figuraba en solo urbano dentro do ámbito delimitado do P.E.P. IV-14 Monte da Guía, que tal e como se sinalou anteriormente, non contou con aprobación definitiva, e tan só foi aprobado inicialmente en data 20 de setembro de 2004; o dito plan especial contaba cunha edificabilidade media de 0,05 m<sup>2</sup>c/m<sup>2</sup>s”.

#### NORMATIVA EXAMINADA E DEREITO

- I. O contido do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo, aprobado de maneira definitiva de forma parcial pola Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia do día 16 de maio de 2008 -DOG núm. 106, de 3 de xuño de 2008 e BOP núm. 151, de 6 de agosto de 2008-; o día 13 de xullo de 2009, foi aprobado definitivamente o documento de cumprimento da Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes do 16 de maio de 2008 sobre aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo -DOG núm. 144, de 24 de xullo de 2009 e BOP núm. 175 , de 10 de setembro de 2009-,
- II. O Real Decreto lexislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do solo e o Real Decreto 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoraciones da Lei do solo,
- III. A Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas súas diversas modificacións -en diante LOUGA-,
- IV. O Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo, en vigor en virtude da Disposición Transitoria Sexta da LOUGA,
- V. O Real-Decreto 2159/1978, polo que se establece o regulamento de planeamento urbanístico -RPU- e o Real-Decreto 3288/1978, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística -RXU-, ambos con carácter supletorio,
- VI. A Lei de Expropiación forzosa de 16 de decembro de 1954 e o Decreto de 26 de abril de 1957 polo que se aproba o seu regulamento de desenvolvemento,
- VII. A Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro,

VIII. A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, cuxa modificación mais importante foi pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local,

- IX. A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia,
- X. A Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa,
- XI. O Real Decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre inscripción no Rexistro da propiedade de actos de natureza urbanística,
- XII. Os Estatutos da xerencia municipal de Urbanismo, na súa versión consolidada aprobada polo Pleno do Concello en data do 6 de setembro de 2010 (BOP núm. 193 de 6 de outubro de 2010),

XIII. O resto de disposicións que poidan afectar,

Á vista da documentación existente no expediente, emítense o seguinte INFORME/VALORACIÓN XURÍDICA

- I. Requisitos formais ou procedimentais para que se entenda iniciada a expropiación por ministerio da Lei.-

Consonte ao disposto polo artigo 99 da LOUGA “Cando transcorran cinco anos dende a entrada en vigor do Plan sen que se leve a efecto a expropiación dos terreos que estean destinados a sistemas xerais ou dotacións públicas locais que non deban ser obxecto de cesión obligatoria por non resultar posible a xusta distribución de beneficios e cargas, o titular dos bens advertirá á administración do seu propósito de iniciar-lo expediente de prezo xusto, que poderá levarse a cabo por ministerio da lei se transcorren outros dous anos desde o momento de efectua-la advertencia.

Para iso, o propietario poderá presenta-la correspondente folla de aprecio, e, se transcorren tres meses sen que a administración a acepte, poderá aquel dirixirse ao Xurado de Expropiación de Galicia, que fixará o prezo xusto”.

Da regulación realizada pola LOUGA despréndese que para entender iniciada a expropiación por ministerio da Lei, deberán darse os seguintes requisitos correlativos:

- 1) Que teña transcorrido o prazo de cinco anos dende a entrada en vigor do planeamento que destina determinados terreos a sistemas xerais ou dotacións públicas locais que non deban ser obxecto de cesión obligatoria por non resultar posible a xusta distribución de beneficios e cargas,
- 2) Que os interesados advirtan á Administración do seu propósito de iniciar o procedemento expropiatorio destos terreos, ben entendida polo tanto esta advertencia como un requerimento para que se inicie pola propia Administración,
- 3) Que teña transcorrido o prazo de dous anos dende a realización da advertencia sen que fose atendida pola Administración, é dicir, sen que pola Administración se teña iniciado o expediente expropiatorio,
- 4) Que polos propietarios se achegue a correspondente folla de aprecio á Administración, momento no que se entenderá materialmente iniciada a expropiación por ministerio da Lei, pois para o caso de que a Administración non acepte dita folla de aprecio nun novo

*prazo de tres meses poderán dirixirse ao XEG, para que fixe o prezo xusto expropiatorio dos terreos.*

*Conclúese que para que actúe a expropiación “ope legis” requírese o cumprimento das formalidades esixidas no citado artigo 99 LOUGA, a cuxo tenor a iniciación do expediente de prezo xusto nas expropiacións derivadas directamente do PXOM sobre terreos non edificables que non poidan ser obxecto de cesión obligatoria por non ser posible a xusta distribución de beneficios e cargas, poderá levarse a cabo por imperativo legal cumplidos os requisitos e prazos esixidos. Estes requisitos NON se cumpren na presente instancia, tal e como a continuación se exporá.*

- II. *Falla de similitude da ordenación anterior coa ordenación do PXOM vixente, aos efectos de xustificar a concorrencia dos requisitos do artigo 99 da LOUGA para o cómputo dos prazos establecidos no mesmo.-*

*De acordo co especificado no Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, aprobado definitivamente o 29 de abril de 1993 (DOG de 10 de maio de 1993 e BOP núm. 133 de 14 de xullo de 1993), os terreos obxecto desta solicitude tiñan a seguinte clasificación e cualificación de solo:*

**Clasificación: Solo Urbano**

**Cualificación: Área remitida a operación de reforma interior, cos seguintes obxectivos:**

**DENOMINACIÓN: PEP IV-14 DO MONTE DE GUÍA**

**SITUACIÓN: Monte da Guía Planos: 19-18, 18-19, 19-20 e 19-19**

**OBXECTIVOS: -Ordenación das zonas verdes e ampliación do Parque,**

**-Tratamento do litoral,**

**-Remate dos bordes dos núcleos perimetrais.**

**SUPERFICIES: 318.517 M<sup>2</sup>**

**Edificabilidade media: 0,05 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>**

**CRITERIOS DE ORDENACIÓN:**

**-Preservación e mellora dos valores do actual parque da Guía e ampliación que se plantea,**

**-Obtención e xestión de terreos para ampliación do actual parque en especial nas zonas de borde entre o mesmo e o litoral,**

**-Remate da ordenación dos bordes dos núcleos que limitan o parque con tipoloxías semellantes ás existentes.**

*Estos terreos estaban por tanto incluídos nun ámbito para o que o PXOU-93 NON establecía nin a súa ordenación detallada, nin o sistema de actuación necesario, senón que o seu desenvolvemento e execución se remitía a un instrumento de planeamento secundario. Neste senso, aprobouse inicialmente o Plan Especial de Protección IV-14 do Monte da Guía, de iniciativa municipal, redactado polos arquitectos D. José Ramón Gago Alonso, D. José Manuel Alonso Ogando, D. Enrique Urdiales de Santiago e D. Jesús Irisarri Castro, e o enxeñeiro técnico agrícola, técnico en medio ambiente D. Carlos Urdiales Alonso, na súa versión de setembro de 2004 (Expte 6116/411), pola Xunta de Goberno Local de data do 20 de setembro de 2004. Consta expresamente na parte expositiva ou motivación deste acordo, o seguinte resumo xeral do PEP:*

<i>Superficie total do ámbito (axustado):</i>	<i>311.961 m<sup>2</sup></i>
<i>Superficie de solo municipal:</i>	<i>180.851 m<sup>2</sup></i>
<i>Superficie de viarios:</i>	<i>10.071 m<sup>2</sup></i>
<i>Superficie de solo municipal que xenera edificabilidade:</i>	<i>99.096 m<sup>2</sup></i>
<i>Superficie de solo privado que xenera edificabilidade:</i>	<i>131.110 m<sup>2</sup></i>
<i>Edificabilidade media do P.E.P., segundo ficha do PXOU:</i>	<i>0,05 m<sup>2</sup>c/m<sup>2</sup></i>

<i>Edificabilidade privada xenerada total:</i>	<i>6.555 m<sup>2</sup>c</i>
<i>Edificabilidade xenerada por parcelas municipais:</i>	<i>4.955 m<sup>2</sup>c</i>
<i>Total edificabilidade xenerada:</i>	<i>11.510 m<sup>2</sup>c</i>

*Consta así mesmo que proponse en canto a xestión, a execución do Plan Especial nun único polígono, polo sistema de expropiación, consonte ao disposto nos arts. 140 e ss. Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA), elo sen prexuízo da posibilidade de exclusión da expropiación dos propietarios afectados nos supostos regulados no art. 146 LOUGA, e da de ocupación directa e anticipada dos terreos vencellados ó sistema xeral do parque público da Guía (art. 169 LOUGA) e que no tocan te á tramitación, por aplicación do preceptuado nas disposicións transitorias da nova Lei 9/2002, do 30 de decembro (LOUGA), o ámbito abranguido por este Plan Especial deberá considerarse como solo urbano non consolidado (disp. Trans. 1.<sup>a</sup> 1.c e art. 12 LOUGA).*

*O PEP IV-14 do Monte da Guía contíña unha proposta de ordenación que detectaba as áreas de oportunidade dentro do ámbito para a ampliación do Parque, localización dos posibles equipamentos e dos usos residenciais possibles para estructuración e remate das áreas residenciais xa existentes, así como o tratamiento do entorno medioambiental, non obstante non acadou a aprobación definitiva, pois o Pleno do Concello de data do 26 de xuño de 2006 acordou concluir o seu procedemento de aprobación desistindo do mesmo e procedendo ao seu arquivo.*

*É por isto que toda vez que o PXOM vixente recolle a delimitación considerada polo PEP IV-14 Monte da Guía aprobado inicialmente pero axustada ao ámbito libre de edificación, coa clasificación e cualificación de solo urbano consolidado incluído dentro do sistema xeral de espazos libres e zonas verdes SX/EL-ZV/B01/002 A Guía a obter polo sistema de expropiación, pode concluirse non só que NON estamos ante a mesma ordenación, senón que da ordenación establecida polo PXOU-93 NON queda xustificada a concurrencia dos requisitos esixidos polo artigo 99 da LOUGA aos efectos do cómputo dos prazos para iniciar o expediente expropriatorio por ministerio da Lei, pois o PXOU-93 delimitaba un ámbito de solo urbano cunha edificabilidade media de 0,05 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> de solo en uso residencial, coa consideración de non consolidado a efectos da LOUGA e cuxa ordenación detallada quedaba pendente da aprobación definitiva do PEP IV-14 Monte da Guía, que era o instrumento onde se determinaba o sistema de actuación; neste senso, cabe traer a colación a STS, de 20 de dec. de 2011, rec. 5528/2008: "Es claro que la expropiación por ministerio de la Lei –que constituye una excepción a la regla general según la cual no cabe, en principio, obligar a la Administración a expropiar-, tiene un marcado carácter tutitivo: Sirve para evitar la indefensión de los propietarios que, como consecuencia del planeamiento urbanístico, quedan sin aprovechamiento alguno, facultándoles para forzar a la Administración a que les expropie, impidiendo así que su derecho de propiedad quede vacío de contenido económico.*

*Pues bien, esta finalidad sólo tiene sentido, tal y como se desprende del precepto legal arriba transcrita, cuando la imposibilidad de edificar dimana del propio planeamiento urbanístico. Es claramente un mecanismo de cierre de éste último: Cuando el contenido económico del derecho de propiedad afectado por el planeamiento urbanístico no pueda satisfacerse por otra vía, como es a la expropiación..." (STS, de 20 de dic. de 2011, rec. 5528/2008).*

### *III. Falla de remoción dos impedimentos temporais.-*

*A parcela obxecto deste expediente sí figura no PXOM vixente en solo clasificado como urbano consolidado incluída dentro do sistema xeral de espazos libres e zonas verdes SX/EL-ZV/B01/002 A Guía, a obter polo sistema de expropiación; trátase de terreos sen aproveitamento algúin, que non poden ser obxecto de cesión obligatoria por non ser posi-*

*ble a xusta distribución de beneficios e cargas, polo que a súa expropiación deriva do propio PXOM. Compróbase non obstante, que aínda NON transcorreu o prazo de cinco anos dende a entrada en vigor do PXOM vixente, polo que a omisión deste primeiro trámite supón o incumprimento dunha formalidade básica e necesaria para que se produza o inicio do expediente expropiatorio e neste senso, a propia STSXG de 5 de decembro de 2012 despois de referirse aos requisitos procedimentais do artigo 99 LOUGA, dispón que “no consta pues que se tenga agotado dicha singularizada vía procedural y ni tan siquiera que se haya instado...” (Fundamentos xurídicos cuarto e quinto).*

*Cousa ben distinta é que unha vez transcorrido o citado prazo de cinco anos e removido polo tanto o primeiro impedimento temporal, esta Administración municipal deba entender que xa non resulta necesario que as propietarias realicen a advertencia do seu propósito de iniciar o expediente expropiatorio ao ter sobrado coñecemento da súa intención de que se proceda á execución das previsóns do planeamento, dándose por requirida aos efectos de iniciar ela mesma o procedemento expropiatorio antes do transcurso do prazo de dous anos necesario para que se inicie por ministerio da Lei o expediente de prezo xusto coa presentación polas propietarias dunha nova folla de aprecio en prazo.*

#### **IV. Órgano competente.-**

*Será órgano competente para a adopción do presente acordo a Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.d) da LRBRL en relación co artigo terceiro apartado terceiro dos Estatutos da xerencia municipal de Urbanismo, previa proposta de resolución polo Consello da xerencia municipal de Urbanismo, de conformidade co artigo décimo, apartado primeiro, letra d) dos Estatutos.*

*Visto o que antecede e a normativa de aplicación, en particular o artigo 99 da LOUGA, PROPONSE A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO*

*PRIMEIRO: Inadmitir o inicio do expediente expropiatorio por ministerio da lei ao non concorrer os presupostos requeridos polo artigo 99 da LOUGA por falla de remoción dos impedimentos temporais.*

*SEGUNDO: Notificar aos interesados o presente acordo, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra o mesmo caberá interpoñer alternativamente, recurso potestativo de reposición no prazo dun (1) mes ou directamente, recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses, a contar ambos prazos dende o día seguinte á notificación do presente acordo.””*

*Non obstante, o órgano resolutorio decidirá, co seu superior criterio, o que estime mais oportuno.*

O Consello da Xerencia municipal de Urbanismo, en sesión do 16.05.13, acorda elevar o expediente á Xunta de Goberno Local para a súa consideración.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **17(541).- ROGOS E PREGUNTAS**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter más asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e nove minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.